Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 10/11/2023 10:42:18
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 592
10 de novembro de 2023

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia 226741

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 61882) 226762
— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 61885) 226766

### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 60968) 226775
— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 60975) 226778

### 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

**Admisión a trámite e publicación**

**61591 (11/PRE-022089)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**
Sobre os cambios na atención sanitaria do consultorio de Nadela, no concello de Lugo, e a posibilidade de que este modelo se estenda aos demais consultorios rurais da provincia 226780

**61617 (11/PRE-022090)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**
Sobre a situación do transporte público no concello de Pol, a mobilidade neste e noutros concellos similares e a importancia deste factor para a fixación de poboación no rural 226783

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**61624 (11/PRE-022091)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia considera prioritarias na mellora da estrada N-541 e as xestións que levou a cabo cos responsables estatais para conseguir a súa renovación 226787

**61629 (11/PRE-022092)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre a colaboración público-privada para a construción de infraestruturas, os compromisos de gasto da Xunta nesta materia e as recomendacións do Consello de Contas sobre a eficiencia deste sistema no caso das autovías galegas 226790

**61633 (11/PRE-022093)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre a modalidade da axuda para a promoción da lingua galega que recibiu o Concello de Valga ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2023, as actividades que desenvolveu e as cantidades xustificadas 226795

**61636 (11/PRE-022094)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**
Sobre a situación do alumnado con necesidades educativas especiais, o necesario amparo que lle debe ofrecer a Administración educativa e o diálogo coas súas familias para conseguir superar conflitos e problemas 226797

**61640 (11/PRE-022095)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina**
Sobre os prazos de execución e as condicións do proxecto da futura residencia de maiores que se situará na antiga estación de Ourense e que financia a Fundación Amancio Ortega 226802

**61644 (11/PRE-022096)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**
Sobre as garantías dos informantes de prácticas irregulares ou corruptas, a adscrición da Xunta á Autoridade Independente de Protección do Informante de ámbito estatal e a posibilidade da creación dunha entidade galega análoga 226803

**61658 (11/PRE-022097)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**
Sobre as consideracións do Goberno galego e as previsións que ten respecto dos métodos de cómputo das listas de espera utilizados para avaliar a evolución do Sistema público de saúde de Galicia 226806

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**61673 (11/PRE-022098)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre o nivel en que está o volume do financiamento en vigor das empresas e das familias galegas 226809

**61679 (11/PRE-022099)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre o impulso que espera obter o Goberno galego na xestión da política económica coa creación da Oficina Económica de Galicia 226811

**61684 (11/PRE-022100)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e 2 máis**
Sobre o establecemento dunha xornada lectiva continua todos os días da semana no IES O Carril, de Vilagarcía de Arousa, e a modificación do contrato de transporte escolar deste centro 226813

**61689 (11/PRE-022101)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha das obras comprometidas de ampliación e mellora no IES Alonso Ríos, de Tomiño 226816

**61694 (11/PRE-022102)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e 2 máis**
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a exclusión do alumnado adherido ao proxecto E-Dixgal das axudas para libros de texto e ante a posibilidade de habilitar mecanismos de gratuidade xeral ou outras opcións no vindeiro curso 2024-2025 226818

**61702 (11/PRE-022103)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre a planificación que ten o Goberno galego ante a irrupción da intelixencia artificial no tecido produtivo galego e a consecuente transformación do emprego 226822

**61717 (11/PRE-022104)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Lago, Noelia e 3 máis**
Sobre a situación laboral e económica da mocidade galega, os mecanismos desenvolvidos pola Xunta de Galicia neste campo e as súas previsións respecto da elaboración de novos plans específicos 226824

**61722 (11/PRE-022105)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a situación en que están os procedementos previos ao inicio das obras de reforma do Centro de Menores Monteledo, do Complexo de Montealegre, en Ourense 226827

**61727 (11/PRE-022106)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**
Sobre os datos referidos á situación laboral en Galicia, os resultados das políticas aplicadas e as novas medidas que pensa introducir o Goberno galego neste ámbito 226832

**61732 (11/PRE-022107)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**
Sobre as previsións que ten a Xunta canto ás obras do proxecto de drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns, en Gondomar, ou ás medidas alternativas para evitar asolagamentos neste concello 226835

**61738 (11/PRE-022108)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis**
Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para garantir que a mingua de poder adquisitivo dunha parte da poboación non impida o seu acceso aos fármacos necesarios 226838

**61742 (11/PRE-022109)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Lourenzo Moura, Diego e 2 máis**
Sobre a situación da produción de castaña en Galicia e as medidas que prevé o Goberno galego canto ao estudo dos problemas biolóxicos, ao asesoramento e ás axudas ao sector 226840

**61754 (11/PRE-022110)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis**
Sobre a evolución do canon anual que recibe a concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, os posibles sobrecustos pola fórmula de financiamento elixida e a posibilidade de considerar un rescate da concesión 226844

**61761 (11/PRE-022111)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**
Sobre a situación en que está o proceso de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e a posibilidade de utilizar os fondos Next Generation no seu financiamento 226846

**61765 (11/PRE-022112)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**
Sobre a situación do cadro de persoal do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Xinzo de Limia e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura dunha praza vacante de letrado ou letrada 226848

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**61770 (11/PRE-022113)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**
Sobre os resultados do proceso de compra, contrato e obras do equipamento do Estudio 300 da TVG e o prazo previsto para a súa posta en marcha 226852

**61773 (11/PRE-022114)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Castro García, Daniel e 2 máis**
Sobre a situación actual de Alcoa en San Cibrao, as declaracións pesimistas dos seus máximos dirixentes sobre a continuidade da factoría e as accións previstas polo Goberno galego ante esta perspectiva 226854

**61794 (11/PRE-022115)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre a situación da actividade marisqueira na ría de Muros e Noia, as previsións da Xunta respecto das axudas ao sector e o estudo de medidas que minimicen os factores que alteran a produtividade 226857

**61803 (11/PRE-022116)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**
Sobre o orzamento destinado ao hospital Povisa, de Vigo, as condicións do concerto e a súa renovación, así como respecto dos dereitos laborais do seu persoal e a posibilidade de integralo na rede sanitaria pública 226861

**61817 (11/PRE-022117)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla**
Sobre a evolución da violencia machista, a suficiencia do marco legal e dos recursos económicos para afrontala e o impacto dos discursos que no contexto actual banalizan o problema 226866

### 1.4.5. Respostas a preguntas

**Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

**61665 - 60371 (11/PRE-021968)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir que as familias máis afectadas pola inflación teñan acceso a unha axeitada cesta de consumo 226869

**61664 - 60615 (11/PRE-021989)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 2 máis**
Sobre as peticións do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade da Coruña en relación coa dotación de persoal e co benestar das persoas residentes, así como sobre as previsións da Xunta no referido aos ingresos neste tipo de centros de persoas con patoloxías psiquiátricas 226872

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.1. Procedementos de natureza normativa

### 1.1.2. Propostas de normas

### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia**

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia**

A Ponencia designada pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, para emitir informe sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto do proxecto e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este informe.

INFORME

1. *Antecedentes*

1.1. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 21 de abril de 2023 co número de rexistro 53015.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do 24 de abril de 2023, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 486, do 26 de abril de 2023) e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 13 de maio e 3 de xuño de 2023 para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

1.3. Non se presentaron emendas á totalidade. As emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas pola Mesa da Comisión na sesión do día 5 de xuño de 2023 e publicadas no BOPG núm. 501, do 6 de xuño de 2023, foron 28: 6 do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 54017), 2 do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 54018) e 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 54019).

2. *Constitución, composición e reunións da Ponencia*

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2.1. Constitución e composición da Ponencia

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na sesión do día 8 de xuño de 2023, designou os seguintes ponentes:

— Do G. P. Popular de Galicia: Dª Cristina Sanz Arias (titular) e D. Moisés Rodríguez Pérez (suplente).

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Dª María do Carme González Iglesias (titular) e Dª Mercedes Queixas Zas (suplente).

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia: Dª María Leticia Gallego Sanromán (titular) e D. Martín Seco García (suplente).

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 8 de xuño de 2023, coa presidencia da Sra. Sanz Arias, presidenta en funcións da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e coa asistencia das ponentes titulares Sra. Sanz Arias, Sra. González Iglesias e Sra. Gallego Sanromán.

Na seguinte reunión, o día 13 de outubro de 2023, coa asistencia das ponentes titulares, Sra. Sanz Arias, Sra. González Iglesias e Sra. Gallego Sanromán, analizaron o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas formuladas. Así mesmo, formalizaron propostas de aceptación de transaccións ou rexeitamento de emendas, deixando pendente para un estudo definitivo ou posicionamento determinadas emendas ou propostas de transaccións.

Na derradeira reunión, que tivo lugar o 18 de outubro, coa asistencia das ponentes titulares, Sra. Sanz Arias, Sra. González Iglesias e Sra. Gallego Sanromán, estudaron as transaccións deixadas pendentes en anteriores reunións, na procura de achegar as distintas posicións, e concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia.

3. *Elaboración do informe*

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:

1. A aceptación das seguintes emendas ou transaccións elaboradas verbo delas, nos termos que constan no texto articulado deste informe:

1.1. A aceptación das transaccións que a seguir se relacionan:

— No artigo 11, a transacción coa emenda núm. 2 do G. P. dos Socialistas de Galicia, consistente na adición, no artigo 11.4, dun novo apartado.

— No artigo 1, a transacción coa emenda núm. 1 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, consistente nunha nova redacción da letra a).

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.2. A Ponencia propón a aceptación das emendas que a seguir se detallan:

A aceptación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 6 e 9.

A aceptación das emendas do G. P. Popular de Galicia núms. 1 e 2.

Por último, a Ponencia recomenda o rexeitamento das restantes emendas.

4. *Texto articulado do Informe sobre o Proxecto de lei de artesanía de Galicia*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, no seu artigo 130.1, dispón que os poderes públicos atenderán a modernización e o desenvolvemento de todos os sectores económicos, entre os que se cita expresamente a artesanía, co fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois e de todas as españolas.

Pola súa parte, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de artesanía no artigo 27.17 do Estatuto de autonomía de Galicia. No exercicio desta competencia, ditouse a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.

Dado o tempo transcorrido desde a súa aprobación, xorde a necesidade de adecuar esta regulación á nova realidade do sector artesanal nun marco xurídico axeitado que manteña e promova a súa importancia social, cultural, identitaria e económica e que incremente a súa profesionalización e competitividade, apostando por un sector forte e perdurable no tempo.

A artesanía do século XXI é mestura de tradición e innovación, de arraigamento e modernización, de sustentabilidade e progreso; pero, sobre todo, a artesanía galega son os nosos artesáns e as nosas artesás, que crean pezas únicas e transmiten os oficios e valores artesanais ás futuras xeracións, situando a actividade artesanal como fonte de desenvolvemento cultural, social, turístico e económico.

A actividade artesá non só se traduce en resultados puramente materiais, senón que exerce ademais certa pedagoxía de carácter social, en canto transmite uns valores e contidos culturais arraigados na sociedade e que debemos apreciar e estimular. Igualmente, é un valor diferenciador fronte aos sistemas de produción industrial, posto que supón un xeito de entender a empresa altamente comprometido cos aspectos emocionais, ecolóxicos e culturais das nosas tradicións.

Nos últimos anos novos e novas profesionais están a incorporarse ás actividades artesanais, o que xera un emprego especializado e as converte nun dos maiores sectores catalizadores de emprendedores e, moi especialmente, de emprendedoras, ademais de ser un factor importante no asentamento e desenvolvemento da poboación en zonas rurais.

Sobre a base destas consideracións, resulta necesaria unha actualización e modernización da normativa reguladora da artesanía na nosa Comunidade Autónoma que a impulse cara ao futuro como unha actividade económica sustentable e xeradora de emprego vinculada ao territorio.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O proxecto de lei consta de trece artigos, agrupados en cinco capítulos, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, baixo a rúbrica de «Disposicións xerais» (artigos 1 a 3), establece o obxecto e fins da lei e o seu ámbito de aplicación e incorpora un artigo específico de conceptos que contribúen a unha maior comprensión do texto legal. En concreto, actualízase o concepto de artesanía, posibilitando o emprego de maquinaria auxiliar ou doutro tipo de ferramentas, dixitais ou analóxicas, sempre que a intervención persoal e o coñecemento técnico sexan determinantes no resultado final do proceso artesanal.

O capítulo II, baixo a rúbrica de «Ordenación e regulación do sector artesanal galego» (artigos 4 a 9), regula as distintas modalidades de actividades artesanais e a Relación de actividades artesanais, definida como o conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais, clasificadas conforme a Clasificación nacional de actividades económicas. Así mesmo, regula os recoñecementos oficiais da condición de obradoiro artesán, de mestra artesá e mestre artesán e de asociación e federación profesional e empresarial artesanal. E, por último, inclúe o recoñecemento de puntos de especial interese artesanal coa dobre finalidade de promover os territorios e a súa artesanía e de recuperar, conservar e divulgar as manifestacións artesanais de especial singularidade.

O capítulo III, baixo a rúbrica «Marca Artesanía de Galicia», consta dun único artigo (artigo 10). A marca Artesanía de Galicia é recoñecida polas persoas usuarias como un valor engadido e polas persoas consumidoras como unha imaxe de calidade e de prestixio dos produtos. Constitúe unha das principais fortalezas do sector artesanal galego, polo que debe ser aproveitada para impulsar o posicionamento nacional e internacional da artesanía e para acadar unha maior promoción e comercialización do produto artesán galego.

O proxecto de lei recoñece e posiciona a marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, como un distintivo que identifica os obradoiros artesanais da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca se elaborou nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

O capítulo IV, baixo a rúbrica «Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia» (artigos 11 e 12), regula a Comisión Galega de Artesanía como un órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía, así como de participación e representación do sector artesanal da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto de lei mantén o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, que ten natureza administrativa e carácter público e gratuíto e é único para a Comunidade Autónoma de Galicia. Defínese a súa finalidade como un instrumento para o coñecemento, por parte da Administración, da realidade do sector, non só para o control dos recoñecementos administrativos da actividade artesanal, senón tamén para a mellora e a planificación e a coordinación das actuacións dirixidas á súa promoción e desenvolvemento.

O capítulo V, baixo a rúbrica «Fundación Pública Artesanía de Galicia» consta dun único artigo (artigo 13).

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Fundación Pública Artesanía de Galicia contribúe á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego, apoiando os oficios artesanais máis tradicionais vinculados ao noso territorio e, ao mesmo tempo, apostando pola innovación e polo uso das novas ferramentas tecnolóxicas, pola formación profesionalizada, pola divulgación e pola comercialización.

As disposicións que integran a parte final do proxecto de lei teñen por obxecto adecuar a situación preexistente á nova situación xurídica creada por este proxecto de lei.

O anteproxecto de lei foi obxecto de consulta pública previa e de información pública e audiencia.

O proxecto de lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral, coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, e recóllense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, tal e como exixe o principio de transparencia.

## CAPÍTULO I
## **Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto e fins*

Esta lei ten por obxecto a ordenación, promoción, fomento, modernización e profesionalización do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de promover o desenvolvemento da artesanía como actividade económica sustentable, garantir a protección das súas diversas manifestacións e manter canles de cooperación e colaboración entre o sector artesanal galego e a Administración autonómica de Galicia para a procura dos seguintes obxectivos:

a) A conservación, recuperación, potenciación e expansión das manifestacións e saberes artesanais máis tradicionais de Galicia para garantir a súa pervivencia, transmisión e desenvolvemento.

b) A potenciación da expansión e o deseño da artesanía contemporánea.

c) A inclusión de novas actividades artesanais e a incorporación de novas vocacións que consoliden no tempo o sector artesanal galego e garantan a remuda xeracional.

d) A divulgación e posta en valor do patrimonio artesanal no ámbito económico, social, do patrimonio cultural e turístico.

e) O impulso da comercialización e a mellora da rendibilidade e da competitividade da artesanía no mercado, coa progresiva adaptación do sector artesanal á evolución tecnolóxica e dixital e ás diferentes canles de comercialización físicas e dixitais.

f) A profesionalización do sector artesanal mediante a formación continua e especializada.

g) A promoción da creatividade, da calidade e da innovación na produción artesanal galega e a creación de sinerxías con outros sectores produtivos.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

h) A transmisión dos valores e o compromiso coa difusión, promoción e pedagoxía da artesanía como práctica creativa.

i) O fomento da responsabilidade social e ambiental e o desenvolvemento local e a dinamización do rural como factores de éxito do sector artesanal.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei será aplicable ás actividades artesanais, ás persoas artesás, aos obradoiros artesáns e ás asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais definidos no artigo 3 desta lei que desenvolvan a súa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta lei as producións exclusivamente mecanizadas e a artesanía alimentaria, que se rexerán pola súa propia normativa.

Artigo 3. *Conceptos.*

Para os efectos desta lei entenderase por:

1. Artesanía:

Toda actividade económica que supoña o deseño, a creación, a produción, a transformación, a restauración ou a reparación de bens de valor artístico ou tradicional e de bens de consumo, así como a prestación de servizos derivada daquelas, sempre e cando se realicen ou obteñan mediante procesos en que a intervención persoal e o coñecemento técnico da persoa ou persoas que participan nelas constitúan o factor determinante para a obtención do produto final.

O produto ou servizo final debe ter un carácter individualizado e diferenciado que non se acomode a unha produción industrial ou de servizos totalmente mecanizada, en series ou na que a intervención do factor humano non sexa primordial.

A actividade artesanal pode levar implícito o emprego de ferramentas dixitais ou analóxicas, de maquinaria auxiliar e doutros activos, sempre e cando o seu uso forme parte dalgún dos procesos de elaboración dos produtos ou servizos e non substitúa por completo a intervención persoal para a obtención do produto ou servizo final.

2. Persoa artesá:

Toda persoa física que realiza nun obradoiro artesán unha actividade económica recollida na Relación de actividades artesás de Galicia e que, mediante as súas habilidades, destrezas e capacitacións técnicas, pode transformar a materia prima nun produto final de calidade, de acordo co previsto no artigo 3.1 desta lei.

3. Obradoiro artesán:

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Toda persoa física ou xurídica legalmente constituída, que forme unha unidade económica, situada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e que realice unha actividade comprendida na Relación de actividades artesás de Galicia nos termos establecidos no artigo 3.1 desta lei.

Este recoñecemento outorgarase a través do título de obradoiro artesán, que se regula no artigo 6 desta lei.

4. Mestra artesá e mestre artesán:

Toda persoa que desempeña ou desempeñou unha actividade comprendida na Relación de actividades artesás de Galicia, de xeito divulgativo ou profesional, que posúa un gran dominio técnico do oficio, experiencia, méritos e mestría exercida na busca continua da excelencia.

Este recoñecemento outorgarase a través da distinción de mestra artesá e mestre artesán, que se regula no artigo 7 desta lei.

5. Asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais:

Toda asociación e federación profesional e empresarial artesanal de Galicia legalmente constituída, sen ánimo de lucro, inscrita nos rexistros correspondentes, que agrupe maioritariamente obradoiros artesáns ou asociacións de obradoiros artesáns, que desenvolva a súa actividade e teña o seu domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que nos seus estatutos se establezan como fins a protección, a comercialización, o fomento e a divulgación da artesanía galega ou outros fins de interese para o sector.

Este recoñecemento outorgarase a través da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal, que se regula no artigo 8 desta lei.

6. Comercios de venda de Artesanía de Galicia:

Todo comercio de venda retallista de Artesanía de Galicia, calquera que sexa a súa canle de comercialización, que cumpra cos requisitos establecidos na normativa reguladora do uso da marca Artesanía de Galicia.

## CAPÍTULO II
## **Ordenación e regulación do sector artesanal galego**

Artigo 4. *Modalidades das actividades artesanais*

1. As actividades artesanais clasifícanse nas seguintes modalidades por razón do seu contido principal:

a) Artesanía de carácter tradicional: pezas artesás realizadas con técnicas tradicionais e que conservan os seus trazos etnográficos e de identidade.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Artesanía artística ou de creación: obras ou traballos realizados con técnicas artesanais e cuxa peculiaridades son a creación, a singularidade e a innovación.

c) Artesanía de produción de bens de consumo: pezas producidas para satisfacer unha necesidade determinada.

d) Artesanía de servizos: actividades artesanais de reparación e de mantemento de produtos artesáns ou históricos, así como os que presten servizos persoais ou complementarios a algunha actividade das recollidas na Relación de actividades artesás de Galicia.

Regulamentariamente, poderanse establecer outras modalidades de clasificación das actividades artesanais.

2. As actividades artesanais poderán clasificarse en subsectores económicos cuxa definición, ampliación ou modificación se establecerá por orde da consellaría que competente en materia de artesanía.

3. A adscrición das actividades artesanais a unha ou a varias modalidades, ou, de ser o caso, a subsectores económicos, levarase a cabo segundo a Relación de actividades artesás de Galicia.

Artigo 5. *Relación de actividades artesás de Galicia*

1. A Relación de actividades artesás de Galicia é o conxunto sistematicamente ordenado de actividades económicas artesanais, clasificadas conforme a Clasificación nacional de actividades económicas. Cada actividade económica indicará as diferentes modalidades definidas no artigo 4 desta lei en que se encadra.

2. A Relación de actividades artesás terá o contido, a estrutura e a sistemática que se determine regulamentariamente e será elaborada e modificada mediante orde da consellaría competente en materia de artesanía, por proposta da Comisión Galega de Artesanía.

3. A Relación de actividades artesás inscribirase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, segundo o disposto no artigo 12 desta lei.

Artigo 6. *Recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesán*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial por parte da Administración autonómica da condición de obradoiro artesán será outorgado mediante a expedición do título de obradoiro artesán pola consellaría competente en materia de artesanía, por proposta da Comisión Galega de Artesanía, de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

2. O título de obradoiro artesán ten carácter voluntario e non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal.

O recoñecemento oficial da condición de obradoiro artesán leva implícita a acreditación de persoa artesá.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. O título de obradoiro artesán outorgarase aos obradoiros artesanais definidos no artigo 3.3 desta lei que reúnan os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que, se é o caso, se establezan regulamentariamente:

a) Que a persoa artesá responsable da actividade produtiva sexa a que dirixa ou controle a totalidade do proceso produtivo, asegurando o carácter artesán do produto.

b) Que a persoa titular da unidade económica estea dada de alta no Imposto de actividades económicas e no réxime que corresponda da Seguridade Social e, ademais, que estea ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

c) Que o número de persoas traballadoras empregadas non exceda de dez.

Excepcionalmente, a Comisión Galega da Artesanía, en atención á natureza da actividade desenvolvida, poderá propoñer como obradoiro artesán aquel que, aínda superando o número de persoas traballadoras establecidas no parágrafo anterior, cumpra os outros requisitos previstos.

4. Tamén poderán obter o título de obradoiro artesán aquelas unidades de carácter cooperativo ou asociativo que se dediquen á elaboración e comercialización de produtos artesáns, sempre que cumpran os requisitos do apartado anterior e os que se establezan regulamentariamente.

5. As persoas que realicen, por conta allea, unha actividade artesanal nun obradoiro obterán a acreditación de persoa artesá nos termos que se establezan regulamentariamente.

6. O título de obradoiro artesán ten unha vixencia de cinco anos desde a data da súa expedición, coa posibilidade de renovación de acordo co procedemento establecido regulamentariamente, sempre que se manteñan os requisitos establecidos no apartado 3.

Perderá a súa validez:

a) Por baixa voluntaria, por xubilación, por falecemento da persoa artesá responsable da actividade produtiva ou titular da actividade ou por extinción da personalidade xurídica da empresa.

b) Por incumprimento ou non mantemento dos requisitos establecidos para o seu outorgamento, logo do expediente instruído para o efecto por proposta da Comisión Galega de Artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.

7. A obtención do título de obradoiro artesán supón os seguintes beneficios:

a) Participar nas convocatorias de concesión de subvencións e de axudas relacionadas co exercicio da actividade artesanal que sexan convocadas pola consellaría competente en materia de artesanía, así como nos procedementos de concesión directa.

b) Participar nos eventos de interese artesanal organizados ou financiados pola consellaría competente en materia de artesanía nos termos establecidos regulamentariamente.

**CSV:** BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Ser beneficiario do uso da marca Artesanía de Galicia de conformidade co disposto na normativa reguladora da marca.

d) Calquera outro beneficio que for establecido regulamentariamente.

8. O título de obradoiro artesán inscribirase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia segundo o disposto no artigo 12 desta lei.

Artigo 7. *Recoñecemento oficial da condición de mestra artesá e mestre artesán: distinción de mestra artesá e mestre artesán*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial por parte da Administración autonómica da condición de mestra artesá e mestre artesán será outorgado mediante a distinción de mestra artesá e mestre artesán pola consellaría competente en materia de artesanía, logo da proposta favorable da Comisión Galega de Artesanía.

2. A distinción de mestra artesá e mestre artesán é unha distinción persoal e intransferible que será outorgada a aquelas persoas que fixeron dunha actividade artesanal a súa profesión para lle dar continuidade a un ou a máis oficios artesanais, de acordo co disposto no artigo 3.4 desta lei.

3. A distinción de mestra artesá e mestre artesán ten carácter voluntario e non constitúe un requisito para o exercicio da actividade artesanal.

4. Distínguense dúas modalidades:

a) Distinción de mestra artesá e mestre artesán profesional: esta modalidade recoñece a mestría no exercicio dun oficio. Para o seu recoñecemento son indispensables os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que, de ser o caso, foren establecidos regulamentariamente:

— Ter máis de vinte anos de experiencia no oficio.

— Estar inscrito o obradoiro artesán onde se desenvolve o oficio no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

— Acreditar os méritos abondos da mestría e do coñecemento do oficio.

— Presentar, polo menos, dúas cartas de apoio de asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais e tres cartas de apoio de obradoiros artesanais do mesmo oficio, inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, que avalen os méritos da persoa solicitante.

b) Distinción de mestra artesá e mestre artesán divulgativo: esta modalidade recoñece a capacidade de transmisión dos coñecementos do oficio mediante a docencia ou outro medio divulgativo e contribúe ao mantemento dos oficios. Para o seu recoñecemento son indispensables os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que, de ser o caso, foren establecidos regulamentariamente:

— Ter máis de vinte anos de experiencia divulgativa.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— Acreditar os méritos abondos da mestría, do coñecemento e da transmisión do oficio.

— Presentar, polo menos, dúas cartas de apoio de asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais e tres cartas de apoio de obradoiros artesanais do mesmo oficio, inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, que avalen os méritos da persoa solicitante.

5. A solicitude de distinción de mestra artesá e mestre artesán será formulada pola persoa interesada e dirixirase á consellaría competente en materia de artesanía, xunto coa documentación acreditativa dos requisitos establecidos no apartado 4 para cada modalidade.

A distinción de mestra artesá e mestre artesán recoñece a excelencia da persoa solicitante pola concorrencia, entre outros, dos seguintes méritos:

— O elevado nivel de coñecemento do oficio e de destreza e perfección na súa execución e o dominio no tratamento dos materiais e das técnicas.

— A mellora dos métodos tradicionais de produción, a innovación, o coñecemento do acervo tradicional do oficio e a transmisión dos coñecementos artesáns.

— A influencia na posta en valor do oficio, constituíndo un referente para o resto dos artesáns e das artesás.

6. A distinción de mestra artesá e mestre artesán ten unha validez permanente. Non obstante, perderá a súa validez no caso de renuncia ou falecemento do titular.

7. A distinción de mestra artesá e mestre artesán inscribirase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, segundo o disposto no artigo 12 desta lei.

Artigo 8. *Recoñecemento oficial de asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais*

1. Para os efectos desta lei, o recoñecemento oficial por parte da Administración autonómica da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, será outorgado pola consellaría competente en materia de artesanía, por proposta da Comisión Galega de Artesanía, de acordo co artigo 3.5 desta lei e co procedemento establecido regulamentariamente.

2. A obtención do recoñecemento oficial de asociación e federación profesional e empresarial artesanal supón os seguintes beneficios:

a) Participar nas convocatorias de concesión de subvencións e axudas relacionadas co desenvolvemento dos seus fins e que sexan convocadas pola consellaría competente en materia de artesanía, así como nos procedementos de concesión directa.

b) Participar nos eventos de interese artesanal organizados ou financiados pola consellaría competente en materia de artesanía, nos termos establecidos regulamentariamente.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Calquera outro beneficio que for establecido regulamentariamente.

3. As asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais de Galicia inscribiranse no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, segundo o disposto no artigo 12 desta lei.

Artigo 9. *Puntos de especial interese artesanal*

1. Poderanse declarar puntos de especial interese artesanal co fin de activar e promover os territorios e a súa artesanía, así como de recuperar, conservar e divulgar as manifestacións artesanais de especial singularidade.

2. Distínguense dúas categorías:

a) Zona de especial interese artesanal:

Terá a consideración de zona de especial interese artesanal o territorio formado por un ou varios municipios, ou parte deles, que conte cun colectivo artesanal activo no que se desenvolvan, con carácter monográfico, oficios artesanais relacionados co territorio, o procedemento e o produto e que teña unha tradición artesanal de longo percorrido ou de recoñecemento histórico.

b) Obradoiro de especial interese artesanal:

Terá a consideración de obradoiro de especial interese artesanal o obradoiro definido no artigo 3.3 desta lei que veña desenvolvendo a súa actividade cun marcado interese cultural e territorial e no que concorran especiais características de tradición, innovación, produción ou comercialización.

3. O recoñecemento de puntos de especial interese artesanal será efectuado pola consellaría competente en materia de artesanía, logo do informe preceptivo da Comisión Galega de Artesanía e de acordo co procedemento establecido regulamentariamente.

4. Os puntos de especial interese artesanal serán inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, segundo o disposto no artigo 12 desta lei.

## CAPÍTULO III
## **Marca Artesanía de Galicia**

Artigo 10. *Marca Artesanía de Galicia*

1. A marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia, é un distintivo que identifica os obradoiros artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia e acredita que o produto que porte o distintivo da marca se elaborou nun obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

2. O distintivo da marca Artesanía de Galicia ten por finalidade:

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) Dotar a artesanía galega dunha imaxe que a distinga e que identifique a súa procedencia.

b) Promover a difusión da artesanía de Galicia e fomentar a súa comercialización.

c) Protexer e manter o prestixio das e dos profesionais da artesanía de Galicia e das súas obras.

d) Informar as persoas consumidoras sobre a produción artesanal.

e) Apoiar os puntos de venda, ofrecendo a información necesaria que a diferencie no mercado.

3. A concesión, o uso e o control da marca Artesanía de Galicia serán regulados por orde da consellaría competente en materia de artesanía.

4. Sen prexuízo do anterior, a consellaría competente en materia de artesanía poderá crear outros distintivos que acrediten a calidade e a identificación do sector artesanal galego, nos termos establecidos regulamentariamente.

## CAPÍTULO IV
## **Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia**

Artigo 11. *Comisión Galega de Artesanía*

1. A Comisión Galega de Artesanía é o órgano de carácter consultivo da Administración autonómica en materia de artesanía, así como de participación e de representación do sector artesanal da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Comisión Galega de Artesanía queda adscrita á consellaría competente en materia de artesanía.

3. A Comisión Galega de Artesanía está integrada polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular da consellaría competente en materia de artesanía.

b) Vicepresidencia: a persoa titular da dirección xeral competente en materia de artesanía.

c) Vogalías:

—Unha persoa representante da Fundación Pública Artesanía de Galicia.

— Unha persoa representante da dirección xeral competente en materia de artesanía.

— Unha persoa representante da dirección xeral competente en materia de comercio.

-—Unha persoa representante da consellaría competente en materia de educación.

— Unha persoa representante da consellaría competente en materia de cultura.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— Unha persoa representante da consellaría competente en materia de emprego.

— Unha persoa representante da consellaría competente en materia de turismo.

—Catro persoas inscritas no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia designadas polas asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais legalmente constituídas inscritas no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

—Catro persoas elixidas entre todos os obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Exercerá a secretaría, con voz e sen voto, unha persoa funcionaria da dirección xeral competente en materia de artesanía co nivel mínimo de xefatura de sección.

A designación dos membros da Comisión Galega de Artesanía e o seu funcionamento serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

4. As funcións da Comisión Galega de Artesanía son as seguintes:

a) Propoñer a inclusión e a modificación de actividades na Relación de actividades artesás de Galicia.

b) Propoñer a expedición e perda de validez dos títulos de obradoiro artesán.

c) Propoñer a distinción de mestra artesá e mestre artesán.

d) Propoñer o recoñecemento da condición de asociación e federación profesional e empresarial artesanal.

e) Propoñer á Administración autonómica disposicións e actuacións dirixidas ao fomento, á protección, á promoción e á comercialización da artesanía.

e *bis*) Propoñer a elaboración dun calendario de eventos de interese artesanal.

f) Calquera outra función que se determine nesta lei ou for establecida regulamentariamente.

Artigo 12. *Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia*

1. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de natureza administrativa e carácter público e gratuíto, é único para a Comunidade Autónoma de Galicia e está adscrito á consellaría competente en materia de artesanía a través do centro directivo competente na materia.

2. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia ten por finalidade o coñecemento, por parte da Administración, da realidade do sector, non só para o control dos recoñecementos administrativos da actividade artesanal, senón tamén para a mellora e a planificación e a coordinación das actuacións dirixidas á súa promoción e desenvolvemento.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Os datos contidos nos recoñecementos outorgados segundo o disposto nesta lei serán inscritos de oficio no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Os devanditos datos, a excepción dos de carácter persoal, teñen carácter público e estarán dispoñibles no portal web da Administración autonómica.

4. O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia consta, como mínimo, das seguintes seccións:

a) Título de obradoiro artesán.

b) Distinción de mestra artesá e mestre artesán.

c) Asociacións e federacións profesionais e empresariais artesanais.

d) Relación de actividades artesás de Galicia.

e) Comercios de venda de Artesanía de Galicia.

f) Puntos de especial interese artesanal.

5. Os procedementos de inscrición, baixa ou modificación no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, así como a organización das seccións de que conste, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

6. Procederase á cancelación de oficio nos supostos de perda da validez dos recoñecementos oficiais, de acordo co previsto nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

## CAPÍTULO V
## **Fundación Pública Artesanía de Galicia**

Artigo 13. *Fundación Pública Artesanía de Galicia*

A Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e patrimonio propio que ten por finalidade dotar o sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais de Galicia.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derrogada a Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei.

2. Manteñen a súa vixencia, no que non resulte incompatible con esta lei, as disposicións de carácter xeral ditadas en materia de artesanía en tanto non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento desta lei que as substitúan.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

A Xunta de Galicia, no prazo dun ano, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2023
Cristina Sanz Arias
María do Carme González Iglesias
María Leticia Gallego Sanromán

**Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia**

A Mesa da Comisión 4ª, Educación e Cultura, na reunión do 8 de novembro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución (un total de dúas):

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 61882)
— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 61885)

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados**

**Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia**

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 8 de novembro de 2023**,** adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

Emendas ao articulado:

**CSV:** BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 60968)
— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 60975)

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 6 de novembro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

**Admisión a trámite e publicación**

- 61591 (11/PRE-022089)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre os cambios na atención sanitaria do consultorio de Nadela, no concello de Lugo, e a posibilidade de que este modelo se estenda aos demais consultorios rurais da provincia

- 61617 (11/PRE-022090)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a situación do transporte público no concello de Pol, a mobilidade neste e noutros concellos similares e a importancia deste factor para a fixación de poboación no rural

- 61624 (11/PRE-022091)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia considera prioritarias na mellora da estrada N-541 e as xestións que levou a cabo cos responsables estatais para conseguir a súa renovación

- 61629 (11/PRE-022092)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a colaboración público-privada para a construción de infraestruturas, os compromisos de gasto da Xunta nesta materia e as recomendacións do Consello de Contas sobre a eficiencia deste sistema no caso das autovías galegas

- 61633 (11/PRE-022093)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a modalidade da axuda para a promoción da lingua galega que recibiu o Concello de Valga ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2023, as actividades que desenvolveu e as cantidades xustificadas

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 61636 (11/PRE-022094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a situación do alumnado con necesidades educativas especiais, o necesario amparo que lle debe ofrecer a Administración educativa e o diálogo coas súas familias para conseguir superar conflitos e problemas

- 61640 (11/PRE-022095)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre os prazos de execución e as condicións do proxecto da futura residencia de maiores que se situará na antiga estación de Ourense e que financia a Fundación Amancio Ortega

- 61644 (11/PRE-022096)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as garantías dos informantes de prácticas irregulares ou corruptas, a adscrición da Xunta á Autoridade Independente de Protección do Informante de ámbito estatal e a posibilidade da creación dunha entidade galega análoga

- 61658 (11/PRE-022097)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as consideracións do Goberno galego e as previsións que ten respecto dos métodos de cómputo das listas de espera utilizados para avaliar a evolución do Sistema público de saúde de Galicia

- 61673 (11/PRE-022098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o nivel en que está o volume do financiamento en vigor das empresas e das familias galegas

- 61679 (11/PRE-022099)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o impulso que espera obter o Goberno galego na xestión da política económica coa creación da Oficina Económica de Galicia

- 61684 (11/PRE-022100)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o establecemento dunha xornada lectiva continua todos os días da semana no IES O Carril, de Vilagarcía de Arousa, e a modificación do contrato de transporte escolar deste centro

- 61689 (11/PRE-022101)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha das obras comprometidas de ampliación e mellora no IES Alonso Ríos, de Tomiño

- 61694 (11/PRE-022102)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a exclusión do alumnado adherido ao proxecto E-Dixgal das axudas para libros de texto e ante a posibilidade de habilitar mecanismos de gratuidade xeral ou outras opcións no vindeiro curso 2024-2025

- 61702 (11/PRE-022103)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a planificación que ten o Goberno galego ante a irrupción da intelixencia artificial no tecido produtivo galego e a consecuente transformación do emprego

- 61717 (11/PRE-022104)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre a situación laboral e económica da mocidade galega, os mecanismos desenvolvidos pola Xunta de Galicia neste campo e as súas previsións respecto da elaboración de novos plans específicos

- 61722 (11/PRE-022105)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a situación en que están os procedementos previos ao inicio das obras de reforma do Centro de Menores Monteledo, do Complexo de Montealegre, en Ourense

- 61727 (11/PRE-022106)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre os datos referidos á situación laboral en Galicia, os resultados das políticas aplicadas e as novas medidas que pensa introducir o Goberno galego neste ámbito

- 61732 (11/PRE-022107)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta canto ás obras do proxecto de drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns, en Gondomar, ou ás medidas alternativas para evitar asolagamentos neste concello

- 61738 (11/PRE-022108)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego para garantir que a mingua de poder adquisitivo dunha parte da poboación non impida o seu acceso aos fármacos necesarios

- 61742 (11/PRE-022109)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Moura, Diego e 2 máis
Sobre a situación da produción de castaña en Galicia e as medidas que prevé o Goberno galego canto ao estudo dos problemas biolóxicos, ao asesoramento e ás axudas ao sector

- 61754 (11/PRE-022110)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a evolución do canon anual que recibe a concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, os posibles sobrecustos pola fórmula de financiamento elixida e a posibilidade de considerar un rescate da concesión

- 61761 (11/PRE-022111)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a situación en que está o proceso de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e a posibilidade de utilizar os fondos Next Generation no seu financiamento

- 61765 (11/PRE-022112)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre a situación do cadro de persoal do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Xinzo de Limia e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura dunha praza vacante de letrado ou letrada

- 61770 (11/PRE-022113)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre os resultados do proceso de compra, contrato e obras do equipamento do Estudio 300 da TVG e o prazo previsto para a súa posta en marcha

- 61773 (11/PRE-022114)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a situación actual de Alcoa en San Cibrao, as declaracións pesimistas dos seus máximos dirixentes sobre a continuidade da factoría e as accións previstas polo Goberno galego ante esta perspectiva

- 61794 (11/PRE-022115)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a situación da actividade marisqueira na ría de Muros e Noia, as previsións da Xunta respecto das axudas ao sector e o estudo de medidas que minimicen os factores que alteran a produtividade

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 61803 (11/PRE-022116)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre o orzamento destinado ao hospital Povisa, de Vigo, as condicións do concerto e a súa renovación, así como respecto dos dereitos laborais do seu persoal e a posibilidade de integralo na rede sanitaria pública

- 61817 (11/PRE-022117)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a evolución da violencia machista, a suficiencia do marco legal e dos recursos económicos para afrontala e o impacto dos discursos que no contexto actual banalizan o problema

### 1.4.5. Respostas a preguntas

**Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

- 61665 - 60371 (11/PRE-021968)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir que as familias máis afectadas pola inflación teñan acceso a unha axeitada cesta de consumo

- 61664 - 60615 (11/PRE-021989)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre as peticións do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade da Coruña en relación coa dotación de persoal e co benestar das persoas residentes, así como sobre as previsións da Xunta no referido aos ingresos neste tipo de centros de persoas con patoloxías psiquiátricas

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 17:39:49
Nº Rexistro: 61882
Data envio: 06/11/2023 17:39:49.458

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia (doc. núm. 61134) con expresa petición de devolución por non estar de acordo nin co fondo nin coas disposicións que recolle.

O acceso á cultura, ben sexa dende a perspectiva da creación ou dende o simple goce, constitúe un dos elementos básicos para determinar libremente a personalidade de cada individuo, e por esa razón o dereito á cultura recoñecido no noso ordenamento xurídico debe estar garantido sen exclusións e en igualdade para todos e todas.

Mais a realidade é que existen aínda grandes obstáculos e dificultades tanto físicas como sensoriais, económicas, sociais ou mesmo territoriais que exclúen da participación na cultura moitas persoas e colectivos.

Son moitos os estudos que demostran que a cultura é unha ferramenta con gran capacidade de cambio e útil para favorecer a erradicación da pobreza, xerar e fomentar espazos abertos á igualdade de xénero e para a inclusión de persoas en risco de exclusión ou colectivos desfavorecidos; e por iso podería considerarse oportuna unha lei que garantise unha cultura accesible e inclusiva como a que o Goberno galego presenta neste proxecto.

Non obstante, se ben son precisos textos lexislativos ou normativos que obriguen os poderes públicos a intervir nesta materia, o proxecto de lei presentado non cumpre cos mínimos esixidos. Semella máis ben unha declaración de intencións, de boas intencións, pero carece de indefinición, de falla de concreción e obrigas, de ausencia de medidas a desenvolver en caso

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de incumprimento da lei e, o que resulta máis incomprensible, de previsión orzamentaria tratándose dunha materia que debera obrigar sen dúbida a un claro esforzo económico.

Tal e como ademais denuncian varias entidades consultadas, resulta algo ousado pretender aprobar unha lei que di pór o foco en determinados colectivos con serias dificultades para acceder á cultura en igualdade cando a propia normativa galega sobre inclusión social ou accesibilidade é sistematicamente incumprida.

A realidade é que é tal a indefinición e inconcreción do texto lexislativo, cunha parte expositiva cuxa extensión supera en moito o seu escaso articulado, que dispor ou non del non variaría a situación de exclusión cultural de moitas persoas en Galicia. Trátase dun brinde ao sol do Goberno galego, que parece máis querer rematar esta lexislatura sumando un novo texto normativo ao seu haber que solucionar esa situación de exclusión.

O Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia debería ser moito máis explícito e establecer accións destinadas ás necesidades concretas dos colectivos a quen se dirixe, e non deixalo a un desenvolvemento regulamentario posterior que pode ser ou non obxecto de consenso coas entidades afectadas.

Ningún dos seus artigos supón unha obriga nin para as administracións públicas nin para o ecosistema cultural, sendo máis ben unha sorte de concatenación de termos eufemísticos e sen ningún contido máis que “promover” ou “fomentar”. Só por poñer un exemplo dos moitos que se poden atopar no texto: a Lei establece a configuración territorial de Galicia -a dispersión xeográfica- como unha cuestión limitadora do acceso á cultura, algo que compartimos, pero en ningún dos seus 21 artigos explica como se vai corrixir esta disfunción.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis sorprendente resulta que o Proxecto de lei recolla no seu artigo 11 a elaboración dun plan de accesibilidade e inclusión cultural que "detalle a situación de partida" cun prazo de execución de dous anos. O que debería ser un punto de partida para traballar nunha lei resulta ser unha consecuencia do texto lexislativo proposto.

Así o constatan as propias entidades que traballan no ámbito da discapacidade, ao advertir que o texto dispón previsións xerais "insuficientes" que "non xeran a efectividade por si mesmas" respecto dos dereitos culturais das persoas con discapacidade, xa que presentan unha serie de factores de risco e barreiras que tiñan que estar analizadas cunha diagnose específica que permita abordalas con detalle.

O propio Consello Económico e Social (CES) advirte no seu informe a súa "inquedanza" polo "limitado contido concreto" do texto presentado, que cualifica de "declaración de intencións ampla e (case) sempre en termos de favorecer ou promover". O CES sinala acertadamente como exemplos desa inconcreción a ausencia de referencia a un plan de acción, estratexia, medios e persoal necesarios para acadar os obxectivos propostos, a falla de definición de apoios que permitan unha adaptación ás obrigas que se establecen ou a ausencia de medidas e medios concretos que eviten as barreiras que supoñen as ferramentas dixitais para os colectivos máis vulnerables.

En definitiva, o Proxecto de lei proposto non supón un novo marco transformador garante dunha cultura accesible e inclusiva en Galicia senón mais ben a translación dos desexos e intencións que xa recollen distintas normativas pero que son sistematicamente incumpridas.

Parlamento de Galicia, 6 de novembro de 2023

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 17:39:49
Nº Rexistro: 61882
Data envio: 06/11/2023 17:39:49.458

Grupo Parlamentario Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2023 17:36:02**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galiza [11/PL-000026** (doc. núm. **61134**)], en base ás seguintes consideracións:

Despois de estudar e analizar o proxecto de lei que desde o goberno da Xunta de Galiza se nos presenta baixo o título "de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza", no Bloque Nacionalista Galego chegamos á convicción de que non podemos apoiar este proxecto por non responder minimamente a esa rúbrica; e máis concretamente polos seguintes motivos:

En primeiro lugar, porque para poder falar de cultura inclusiva e accesíbel, todas as galegas e galegos deberíamos ter coñecemento previo –do cal aínda carecemos- de cal é o réxime xurídico dos dereitos culturais no noso país, así como termos garantido o exercicio efectivo de tales dereitos. É evidente que isto non sucede, por moito que se sinale á existencia de diversas leis sectoriais de carácter cultural en Galiza.

A anterior non é unha consideración de parte, senón admitida, impulsada e implantada -nos últimos anos- con meirande forza e extensión, por parte das lexislacións que, en materia de cultura, existen no mundo. Podemos citar así a *"Ley General de Cultura y de derechos culturales"* dos Estados Unidos Mexicanos (publicada no Diario Oficial da Federación o 19 de xuño de 2017); o *"Decreto 296.*

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*Ley de derechos culturales para el Estado de Guanajuato"(1918-1920); o "Decreto 388/2021, por el que se emite la Ley de Derechos Culturales para el Estado y Municipios de Yucatán");* ou a "*Lei de Cultura y derechos culturales de Uruguay" (1919)* (con importantes achegas efectuadas pola UNESCO), por poñer só uns poucos exemplos, en Latinoamérica; mais tamén dentro do Estado Español, se teñen aprobado leis deste tipo; tales como a *"Ley Foral 1/2019, de 15 de enero de Derechos Culturales de Navarra" ou a "Ley 1/2023, de 1 de marzo, del Sistema Público de Cultura de Canarias*" e están pendentes outras iniciativas lexislativas deste tipo, en CCAA como en Catalunya, por exemplo; ademais de terse presentado unha proposición de lei en idéntico sentido na Comunidade Autónoma de Madrid.

En todos estes textos lexislativos, pártese da igualdade real entre as persoas e, de conformidade con toda a normativa sectorial en materia de inclusión social. Trátase de leis transversais que atinxen a todas as persoas sen exclusións, con base a unha óptica asentada nos dereitos humanos.

Por outro lado, se ben na Exposición de Motivos do presente proxecto de lei se cita, moi concretamente, o artigo 44 da Constitución Española (onde se contén o mandato para os poderes públicos, de promover e tutelar o acceso á cultura), cómpre subliñar que tal precepto está contido no seu Capítulo III do Título I, relativo aos "principios reitores da política social e económica". E como é sabido, para tales principios, o artigo 53.3 da CE, dispón o seu recoñemento, respecto e protección, e que "*informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos"*, mais que *"só poderán ser alegados perante a Xurisdicción ordinaria, de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvan*". De aí que, á marxe das competencias estatutarias galegas na materia, para blindar e facer efectivo o dereito á cultura e para establecer as garantías para o seu exercicio, tórnase preciso

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o desenvolvemento dunha lei formal nesta materia. Unha lei que aborde de maneira global e transversal  a cultura e os dereitos culturais de toda a sociedade galega, sen exclusións.

Como se pode comprobar mediante unha simple lectura do texto que se nos presenta, é evidente que as anteditas consideracións están totalmente alonxadas do proxecto de lei de referencia.

Neste sentido, máis unha vez, o goberno galego - a través da Consellaría de Cultura- afástase da visión máis actual e dotada de maior predicamento no mundo, respecto da configuración da cultura e dos dereitos culturais como dereito humano sobre o que cómpre lexislar transversalmente.

En segundo lugar e, á marxe do relatado anteriormente, o texto que se nos presenta consta dunha *Exposición de Motivos* cunha lonxitude desproporcionadamente longa en comparación coa extensión dedicada ao seu articulado (cuestión xa destacada no número 2 das "Consideracións Xerais" formuladas no *Ditame* do Consello Económico e Social) e que non achega máis que xeneralidades carentes dun mínimo contido novidoso ou de carácter substancial.

Á devandita Exposición de Motivos, séguenlle 21 artigos compostos dunha serie de *desiderata*; é dicir un conxunto de desexos e lugares comúns que, para alén da súa formulación formal, non conlevan medidas concretas para a súa posta en práctica. Esta última observación xa figuraba na *Memoria sobre o tratamento das achegas realizadas durante o trámite de consulta pública previa en relación co anteproxecto"* onde se  di expresamente que á vista do "*conxunto de achegas realizadas por todas estas entidades, advírtese unha preocupación común en todas*

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*elas, cal é a de que a futura lei dea resposta ás necesidades concretas dos colectivos que aquelas representan".* (os subliñados son nosos).

Pois ben, tal inconcreción permanece na redacción do texto finalmente presentado, o cal é debedor dun nulo compromiso orzamentario, preciso para facer efectiva calquera lei; máxime para casos que teñen a ver con colectivos con dificultades. Nestes casos, como toda a sociedade coñece, a implantación, mesmo dun mínimo paliativo leva consigo un custe económico a maiores. Porén, na *Memoria económica-financeira* podemos verificar que a aprobación do presente proxecto de lei *"non implica coste económico"* e no *Informe de sostibilidade da Consellaría de Facenda e Administración Pública* dise que esta norma *prevé a creación do Observatorio da cultura inclusiva e accesible …* e que *a creación e posta en funcionamento deste órgano, así como as restantes medidas que se contemplan na lei, non poderán supoñer un incremento das dotacións orzamentarias vixentes*.

Para maior abastanza, diremos que a sinalada inconcreción comeza xa pola *Exposición de Motivos* e o propio contido do artigo 1. 1, de delimitación do *obxecto* do referido proxecto de lei e que reproducimos literalmente:

"Artigo 1. Obxecto

*1. Esta lei ten por obxecto promover as condicións e remover os obstáculos que impidan ou dificulten que a participación na vida cultural sexa efectiva, inclusiva e accesible para todas as persoas, con especial atención a aquelas nas que concorra algún factor de risco e exclusión social."*

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que tal descrición semella remitir, en primeirísimo lugar, ao artigo 9.2 da Constitución Española, como un mandato dirixido aos poderes públicos para "remover os obstáculos que impidan ou dificulten" a plenitude dos dereitos á liberdade e igualdade dos "individuos e dos grupos en que se integran", querendo significarse con isto que a lei vai dirixida –tal e como se manifesta na súa Exposición de Motivos- "especialmente" a "aquelas (persoas) pertencentes a colectivos cuxa situación de desvantaxe, persoal ou social, acaba converténdose tamén nun atranco no ámbito cultural"

Esta ambivalencia mantense e amósase, tamén, no punto 2. da Memoria Xustificativa do texto (relativo ás "razóns de oportunidade do anteproxecto e adecuación aos principios de calidade normativa"), onde se declara o seguinte: *"A lei que se promove non é unha lei en materia de accesibilidade. Tampouco é unha lei en materia de inclusión social. É unha lei en materia de cultura. Unha lei destinada a todas as persoas, pero na que a o enfoque da regulación vén marcado pola necesidade de remover os atrancos que impiden ou dificultan o acceso á cultura de certos colectivos."*

Porén, todos os artigos seguintes (incluído o artigo 5, onde se contemplan os *obxectivos*) fan alusión a colectivos atinxidos por medidas de inclusión social, conforme a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galiza (e cuxo ámbito subxectivo –segundo o seu artigo 2- remite a "*aquelas persoas que o Sistema galego de servizos sociais, creado pola Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, valore como persoas en situación ou risco de exclusión social"* ).

Polo tanto, a inconcreción e/ou finalidade difusa e confusa –máis ou menos interesada- está servida.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En calquera caso, cómpre salientar que debermos considerar positivo o feito de abordar a promoción e fomento da inclusión na cultura de todas as persoas nas que concorra algún risco de exclusión nun sentido amplo. Trátase dunha elemental cuestión de compromiso, respecto e empatía establecer as condicións legais para garantir a todas as persoas o dereito en igualdade de condicións das diferentes manifestacións, actividades, servizos ou espazos culturais, e ademais (algo que aborda moi tanxencialmente a lei aínda sendo moi esquemática e programática) a propiciar que a súa realidade se vexa reflectida en ditas manifestacións culturais, a crear as condicións e eliminar barreiras que dificulten, impidan ou discriminen a creación cultural desde a propia óptica e visión dos colectivos que sofren ou están en risco de exclusión, e mesmo finalmente, potenciar este tipo de creacións desde o ámbito público para a sociedade e público en xeral tamén accedan facilmente ás mesmas, que non sexan unha cota ou reduto “minoritario”.

Agora ben, tal regulación debera facerse unha lei xeral e transversal sobre cultura e dereitos culturais, polos motivos anteriormente descritos.

Ademais, constitúe unha eiva de primeira orde a ausencia dun contido claro que comprometa tanto a actuación dos poderes e institucións públicas como axentes privados (colectivos e individuais) para atinxir os obxectivos de inclusión social que propugna. De feito, o seu contido é máis propio dun texto programático, ou dun preámbulo dun plan que puidera aprobarse sobre a materia, que dun texto legal.

Neste sentido, cómpre destacar que só os artigos 10, 11 e 21, así como na Disposición Adicional Única, se contempla algunha acción concreta. Mais limitadamente:

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concretamente, o artigo 10 contén "accións de descontos ou gratuidade no acceso a actividades culturais de iniciativa pública autonómica", mais sen existir un compromiso firme, ao contemplar tal posibilidade en termos de facultade, que tan só *"Poderá acordarse"* (sen máis detalle e/ou explicación).

Respecto do artigo 11, si se contempla a elaboración dun *Plan de accesibilidade e de inclusión cultural* "no que se detalle a situación de partida e as melloras que cómpre realizar para facilitar o acceso universal de todas as persoas …" En calquera caso cómpre preguntarse: mais aínda descoñecemos cal é a situación de partida e as melloras a implantar?. E o prazo? A resposta atopámola na Disposición adicional única: Dous anos (¡!) dende a entrada en vigor desta lei. Evidentemente, isto non é propio dun Goberno Galego presidido pola vontade de mellora das condicións culturais da sociedade á que debe dirixir as súas políticas, así como da seriedade esixíbel fronte aos seus compromisos; máxime se constitúen parte do contido dunha lei.

O artigo 21 recolle a creación dun *Observatorio da Cultura inclusiva e Accesible* de Galiza.

Non nos parecería desacertada esta medida; mais integrada neste proxecto de 21 artigos coas imprecisións sinaladas e a falta de compromiso, semella a devandita inclusión, propia dunha medida rutineira que achegar ao "acervo burocrático" da Administración Galega, como outro dos moitos *Observatorios* existentes, que reflicten unha realidade máis ou menos precaria; máis ou menos problemática fronte á que semellan non existir plans, recursos… En definitiva, vontade política e proxecto solvente para avanzar, en igualdade cultural e en calquera outro eido.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resaltamos os únicos artigos que conteñen algunha medida. Así mesmo, consideramos sobrante entrar na análise da maioría dos preceptos contidos neste proxecto de lei e que fan proba dunha actitude de desidia respecto da nosa cultura, entendida esta en termos amplos, (tal e como acaece coa nimia importancia que se lle outorga á lingua galega, a través da dedicación dun único artigo 15).

Por todo o exposto, **a través desta emenda á totalidade**, **o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita a devolución do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible á Xunta de Galiza**, co fin de que, tras dunha reflexión e análise demoradas, se conclúa a necesidade de traer a esta Cámara un proxecto de lei realmente inclusivo e accesíbel da cultura para a sociedade galega: Unha lei de cultura e dereitos culturais de Galiza, transversal e capaz de garantir a igualdade real e material, en todo o territorio galego e que sexa quen de eliminar todo tipo de desigualdade e discriminación por razón de lingua, etnia, orixe, ideoloxía, relixión, opinión, xénero, orientación sexual, discapacidade ou calquera circunstancia ou condición persoal e/ou social ; así como a derivada da pertenza a grupos de persoas de maior idade; de migrantes; de persoas menores en situación de reclusión en centros de menores; de persoas reclusas nos cárceres e de persoas cuxas condicións laborais e/ou económicas sexan precarias ou non suficientes para acceder nunhas mínimas condicións de igualdade á cultura, na súa vertente como receptoras, como creadoras e/ou na faceta de participación cultural en termos de igualdade. Unha lei que estableza accións e programas, así como a obrigatoriedade para as institucións galegas de directrices; protocolos e políticas activas que sexan quen de aseguraren o carácter inclusivo dos servizos que deben prestar; dotados de suficientes recursos orzamentarios e de mecanismos legais e

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 18:05:33
Nº Rexistro: 61885
Data envio: 06/11/2023 18:05:33.129

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administrativos capaces de xerar condicións favorábeis para o exercicio efectivo dos dereitos culturais. Así mesmo, unha lei que conteña deberes de seguimento, fiscalización e avaliación periódica das actuacións nela previstas e que sexa quen de aplicar medidas coercitivas, para o restablecemento da legalidade, con aplicación das medidas sancionadoras nas diferentes normas reguladoras dos diversos sectores en xogo: patrimonio cultural, bibliotecas, arquivos, museos e demais actividades conformadoras do sistema cultural galego.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 06/11/2023 17:47:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2023 17:47:39**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60968
Data envio: 06/10/2023 14:05:06.755

PARLAMENTO DE GALICIA

# EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROPOSICIÓN DE LEI, PARA REMITIR AO CONGRESO DOS DEPUTADOS, ORGÁNICA DE TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AUTOESTRADA AP-9 Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PPLC-000009).

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Substituír o texto do artigo 1 polo seguinte:

"1. Transfírese á Comunidade Autónoma de Galiza a titularidade, as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como as funcións e servizos até agora exercidos pola Administración do Estado en relación coa AP-9, Autopista do Atlántico.
2. En virtude do disposto na presente Lei, unha vez realizado o traspaso de servizos correspondentes, a Comunidade Autónoma de Galiza terá encomendadas as seguintes funcións:
(i) Autorización da posta en servizo de novos tramos, adaptacións ou reformas dos existentes, así como de enlaces e vías auxiliares da autoestrada.
(ii) A supervisión e inspección do correcto funcionamento da autoestrada, consonte a normativa xeral de estradas e os pregos que rexen a concesión.
(iii) A potestade sancionadora respecto de incumprimentos da concesionaria na explotación da autoestrada.
(iv) As modificacións que afecten ao réxime económico-financeiro da concesión, en particular no que atinxe ao establecemento, actualización, supresión de tarifas e portaxes, así como a aplicación de programas de desconto, tanto a autorización daqueles que sexan voluntarios a instancias da concesionaria co fin de incentivar o seu uso, como a aprobación normativa dos obrigatorios a instancias do órgano competente en materia de estradas da Comunidade Autónoma para colectivos específicos por motivos económicos ou humanitarios.
(v) A redacción e aprobación de convenios ou addendas aos actuais para recoller novas condicións relativas ao réxime da concesión, así como ampliacións ou reducións da actual.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Administración do Estado conservará ao seu cargo respecto á sociedade concesionaria da Autoestrada AP-9 as obrigas con repercusións económicas e financeiras derivadas da aplicación de concesión en vigor que foran motivadas por modificacións adoptadas no período que ostentou a competencia."

---

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Substituír o texto do artigo 2 polo seguinte:

"O exercicio da competencia transferida debe ser asumido pola Comunidade Autónoma de Galiza no momento en que teñan efectividade a transferencia dos medios materiais e orzamentarios necesarios, instrumentando mediante acordo da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galiza e o correspondente Real Decreto de traspaso de servizos. Neste acordo de traspaso de medios materiais e orzamentarios incluiranse os compromisos de investimento en infraestruturas, as compensacións económicas derivadas de convenios e os compromisos de gasto derivados das medidas de bonificación das peaxes."

---

Emenda nº3, de Adición. Disposición adicional primeira bis

Engadir una nova disposición adicional primeira bis co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira bis.
O traspaso efectivo regulado no artigo 2 deberá concretarse no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei."

---

Emenda nº4, de Adición. Disposición adicional terceira

Engadir una nova disposición adicional terceira co seguinte texto:

"Disposición adicional terceira.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60968
Data envio: 06/10/2023 14:05:06.755

PARLAMENTO DE GALICIA

A Administración Xeral do Estado asumirá as obrigas económicas e financeiras no caso de que se declare a nulidade das prórrogas mediante as cales se acordou a ampliación do período concesional."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/10/2023 14:04:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2023 14:04:29**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2023 11:28:06
Nº Rexistro: 60975
Data envio: 07/10/2023 11:28:06.416

PARLAMENTO DE GALICIA

# EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI, PARA REMITIR AO CONGRESO DOS DEPUTADOS, ORGÁNICA DE TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AUTOESTRADA AP-9 Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PPLC-000009).

Emenda nº1, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 1

Proponse una nova redacción para o punto 4 do artigo 1, que terá o seguinte contido:

"4. Coa finalidade de garantir o imprescindible equilibrio territorial e igualdade de oportunidades de Galicia co resto de España, a Administración do Estado dotará a Comunidade Autónoma de Galicia dos medios económicos necesarios para ampliar as bonificacións ás persoas usuarias recorrentes. Con este fin, crearase un fondo ao que a Comunidade Autónoma de Galicia contribuirá cunha cantidade similar a que achegue a Administración do Estado co obxectivo de achegarse á gratuidade destes usuarios/as e posibilite a ampliación das bonificacións para todas as categorías de vehículos pesados, a familias numerosas, a viaxes nocturnas e persoas con diversidade funcional."

---

Emenda nº2, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 1

No punto 6, deste artigo, onde di: "... previsto no Real decreto 1733/2011, do 18 de novembro. …", debe dicir: "... previsto nos reais decretos 1733/2011, do 18 de novembro e 104/2013, do 8 de febrero. …"

---

Emenda nº3, de Adición. Exposición de motivos

No cuarto parágrafo da exposición de motivos que comeza por: "Esta condición …", logo de: "... Sociedade Anónima, …", débese engadir o seguinte texto: "..., fundamentalmente a raíz

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2023 11:28:06
Nº Rexistro: 60975
Data envio: 07/10/2023 11:28:06.416

PARLAMENTO DE GALICIA

da última prórroga da concesión até o ano 2048 aprobada polo Goberno de España no ano 2000, …"

---

Emenda nº4, de Adición. Exposición de motivos

No décimo parágrafo da exposición de motivos que comeza por: "A influencia da autoestrada do Atlántico …", débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... o cal a través da súa mesa bloqueou a súa tramitación até o segundo semestre do ano 2018."

---

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/10/2023 11:27:35**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2023 11:05:18
Nº Rexistro: 61591
Data envio: 27/10/2023 11:05:18.064

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consultorio de Nadela construíuse no seu momento para cumprir cun principio fundamental da Atención Sanitaria en Atención Primaria que foi achegar a sanidade á poboación, en base a cuestións de cumprimento da accesibilidade, universalidade e igualdade na atención sanitaria, que ao fin é o que conduce a que as persoas vivan máis e mellor no seu entorno. Creouse como un centro dependente do Servizo de Saúde de Fingoi e agora mesmo estaba atendendo a 700 persoas que neste momento están a punto de quedar sen esta proximidade asistencial.

O SERGAS leva anos organizando a atención primaria en función dos procesos administrativos relacionados co seu persoal, é dicir, procesos de traslados externos, ou situacións de ILT e xubilacións, sen que se parara en ningún momento a pensar ou negociar como afortalar este servizo básico no entorno do medio rural, no que se cabe é máis importante aínda que nas cidades.

Nadela forma parte do cinto rural da cidade de Lugo pertencendo a este concello, a súa proximidade á cidade, 7 km, podía ser un claro beneficio para os e as súas habitantes pero remata por converterse nun claro prexuízo e pola vía da proximidade estanse a perder servizos básicos da importancia da atención sanitaria



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2023 11:05:18
Nº Rexistro: 61591
Data envio: 27/10/2023 11:05:18.064

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primaria, que debería ser e de feito é, cando lle permiten funcionar o sistema vertebrador da asistencia sanitaria á poboación.

Dito isto vemos que o Consultorio de Nadela está a punto do seu peche por mor da xubilación hai meses do médico titular, a cambio o equipo directivo da EOXI ofrece unha atención de xeito protocolizado (como debería ser toda a atención sanitaria a estas alturas) para os procesos de máis prevalencia como son os casos da diabetes mellitus, HTA, EPOC ou insuficiencia cardíaca.... cunha atención de enfermería especialista en enfermería familiar e comunitaria os 5 días da semana, por moito que lle engadan que é de práctica avanzada e xestión de casos, que ademais servirá de enlace sociocomunitario, se fose necesario, mentres o médico/a de familia consultará, non sabemos o que, 3 días á semana

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno da Xunta reestablecer a atención primaria convencional no consultorio de Nadela para atender á súa poboación dando a asistencia a crónicos como parte da atención primaria habitual?

Pretenden vostedes pechar tódolos consultorios da provincia de Lugo para deixalos con modalidades reducidas de atención a pacientes con patoloxías crónicas?

Como pensan cubrir as prazas dos/as profesionais do consultorio de Nadela, con persoal en rotación ou con persoal estable que garanta a continuidade asistencial?

Valoran vostedes recuperar a asistencia sanitaria habitual en Nadela para achegar a asistencia sanitaria primaria á poboación ou ben forzarán á poboación de referencia do consultorio a transportarse a Lugo para poder recibir atención sanitaria?



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2023 11:05:18
Nº Rexistro: 61591
Data envio: 27/10/2023 11:05:18.064

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aceptou a poboación perder o consultorio a prol dese experimento de atención a crónicos, ou ben van ignorar vostedes as demandas das usuarias e usuarios do consultorio de Nadela?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2023 11:02:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/10/2023 11:02:48**

**María del Carmen Aira Díaz na data 27/10/2023 11:02:59**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 09:43:51
Nº Rexistro: 61617
Data envio: 30/10/2023 09:43:51.371

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Paulo Ríos Santomé** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O descoido en canto ao transporte de viaxeiros/as no rural lucense é algo recorrente e recollido pola prensa case a diario. Problemas coas paradas de transporte escolar que non atenden as necesidades das crianzas máis pequechas, ou ben xa fóra do transporte gratuíto, é dicir para a xuventude que xa rematou o ensino obrigatorio e que debe desprazarse a unha localidade de máis entidade son constantes.

Cada inicio de curso escolar a Consellería de Educación, Cultura e Universidades vese sorprendida e desbordada por problemáticas que asegura descoñecer.

A Xefatura territorial correspondente non está á altura de resolver os problemas en cuestión, o que facilitaría a vida diaria das nenas e nenos do rural. Tanto Mobilidade como Ensino mostran a súa falta de empatía cos problemas de transporte, aínda que non só con isto, rematan poñendo escusas peregrinas porque eles mesmos se poñen en contra da poboación que administran, neste caso as nenas e nenos en idade escolar, as mozas e os mozos que xa remataron o ensino obrigatorio pero queren seguir formándose, e as familias de todos eles.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 09:43:51
Nº Rexistro: 61617
Data envio: 30/10/2023 09:43:51.371

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lonxe de empatizar e atender as xustas demandas da poboación, negan a evidencia, coa consecuencia que isto ten para a vida do estudantado e as súas familias.

Comezando a tratar o tema dende unha perspectiva máis amplo diremos que o concello Pol está atravesado pola estrada nacional N-634 que comunica Lugo-Meira, e as estradas autonómicas LU-750 e LU-760 que posibilitan a comunicación do interior de Pol coa capital da provincia, feito que subliña a súa importancia para comunicar distintos territorios de entidade. Pois a pesares disto, a insuficiencia nas liñas de transporte é flagrante, de modo que se unha persoa vai a Lugo resolver cuestións terá como último bus de volta o das 14hs, resultando así pouco eficiente e obrigando á poboación a desprazarse en turismo particulares contravindo calquera norma de coidado medioambiental e de coidado ás persoas, que teñen que gastar recursos que igual nin teñen ou ben non poder atender as súas necesidades. Isto é válido para calquera persoa que viva na área de influencia de estas estradas e que teña como referente a capital da provincia.

Xa o relatado é grave pero non se queda aí, tal e como saíu na prensa unha rapaza do barrio de Aldea de Milleirós que debería coller a parada do mesmo nome fronte á igrexa, a 300m da casa, ten que desprazarse a 3,5km ata o cruce de Rioxoán ao pé do bar Suso para coller o bus ás 7,15h da mañá. Nin que dicir ten, que á volta acontece o mesmo, co cal se suman 7 km diarios. Este percorrido faino de noite nesta época, á luz dun foco, co risco de sufrir un accidente por atropelo, ou ben sufrir outro tipo de agresións, que non vale a pena sinalar. Pero o que si compre especificar, é que esta rapaza non está en igualdade de condicións que os seus compañeiros e compañeiras, porque ou dorme menos ou vive e estuda menos.

E por outra banda, queda que falar da falta de marquesiñas en multitude de paradas de buses, escolares ou non, moitas delas só contan cos ferros, outras co teito en



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 09:43:51
Nº Rexistro: 61617
Data envio: 30/10/2023 09:43:51.371

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mal estado, algo sinxelo de reparar que non se está atendido nin coa intervención do alcalde. As marquesiñas nas que habería que intervir con urxencia son as de Rioxoán e Cirio, pero iso non quita que outras como a de Penamazada, a de Caraño, Fraialde ou a de Susá precisen intervención.

Está vindo un outono chuvioso, despois de andar o camiño non teñen onde gorecerse na parada, nin sequera poden sentarse enxoitos a esperar, aínda que teñan problemas de saúde... en resumidas contas unha mostra de desidia administrativa que compre corrixir de inmediato.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno da Xunta poñer remedio á maior brevidade posible aos problemas do transporte público que está a sufrir o concello de Pol?

Resolverán en breve o asunto da falta de parada próxima á vivenda da mencionada rapaza que camiña 3,5 kms. en plena noite para facer outros tantos á volta?

Van vostedes poñerse de acordo co concello de Pol para o amaño das marquesiñas que permitan gorecerse civilizadamente ás persoas que usan o transporte público?

Pensan reforzar as liñas de buses a Lugo de modo que o número e o horario poidan satisfacer as necesidades da poboación deste concello?

Parécelles que este tipo de dificultades axudan a fixar poboación no rural ou ben desincentivan a vida nel?



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 09:43:51
Nº Rexistro: 61617
Data envio: 30/10/2023 09:43:51.371

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensan abordar de xeito integral as problemáticas de mobilidade deste concello e de outros similares?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2023 09:41:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2023 09:41:49**

**María del Carmen Aira Díaz na data 30/10/2023 09:42:00**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 10:10:01
Nº Rexistro: 61624
Data envio: 30/10/2023 10:10:01.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a demanda dun Plan de Renovación e Mellora Integral da estrada N 541.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A N-541 figura estre os viais con maior sinistralidade nas listaxes de RACE. Unha posición que se repite ano tras ano sen que se adopten medidas para a súa mellora, acondicionamento e rehabilitación integral.

Tendo en conta a situación e perigosidade desta estrada, o BNG presentou numerosas iniciativas en concellos, parlamento galego e Congreso demandando a súa reforma, especialmente nos treitos que discorren polos concellos de Cerdedo-Cotobade e Forcarei.

A N-541 precisa dun Plan Integral de Mellora que actúe nos seguintes ámbitos: mellora do trazado, renovación do firme, mellora da canalización e drenaxe de augas, mellora da iluminación e sinalización, mellora xeral da seguridade viaria...

Entre as actuacións necesarias ao paso polos concellos de Cerdedo Cotobade cabe sinalar as seguintes

- A mellora das curvas, a humanización das travesías de Dorna en Santa María de Sacos, Barbeitos e a Longa en San Xurxo, así como en Viascón e Tenorio.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 10:10:01
Nº Rexistro: 61624
Data envio: 30/10/2023 10:10:01.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A habilitación de pasos de peóns seguros e accesíbeis en núcleos de poboación.

-Reforzar a sinalización e a iluminación.

-A construción dunha rotonda en Ventoxo, máis elementos de seguranza vial na entrada este de Cerdedo e mellorar os accesos aos lugares de Cádavo e Cutián de San Xurxo.

-Construír un paso peonil inferior entre o Centro de Saúde e a farmacia en Tenorio, así como a mellora da seguranza no lugar de Calvelo (Tenorio) coa inclusión de dúas rotondas, e a instalación dun paso superior para facilitar o tránsito entre ambas marxes.

- Construción dunha vía de incorporación no punto quilométrico 84, en dirección a Ourense e un vial peonil paralelo á estrada entre Calvelo e Tenorio.

- Medidas para calmar o tráfico e de mellora da accesibilidade e da mobilidade peonil nas travesías de núcleos urbanos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que xestións levou a cabo a Xunta diante do Goberno central en relación coas propostas de mellora integral da N541?

Que actuacións considera prioritarias o Goberno galego nesta estrada?

Tratou a Xunta a necesidade de mellora desta estrada nas reunións con responsábeis do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2023



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 10:10:01
Nº Rexistro: 61624
Data envio: 30/10/2023 10:10:01.715

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2023 10:06:40**

**Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2023 10:06:44**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2023 10:06:56**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 11:23:27
Nº Rexistro: 61629
Data envio: 30/10/2023 11:23:27.731

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre propostas do Consello de Contas para reducir os custos derivados de tres contratos de construción autovías polos sistema de colaboración público-privada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza planificou e adxudicou no período de goberno 2001-2005, con Manuel Fraga de Presidente e Alberto Núñez Feixóo como conselleiro de Obras Públicas, varias autovías co denominado "sistema de colaboración público-privada".

Entre as obras levadas a cabo con este sistema estás as seguintes

| Autovía | Sinatura do contrato | Apertura ao tráfico | Finalización concesión |
|---|---|---|---|
| **AG-56** Autovía Santiago-Brión | 2005 | 2008 | 2035 |
| **AG-41** Autovía do Salnés | 2005 | 2008 | 2035 |
| **AG-11** Autovía do Barbanza | 2006 | 2008 | 2036 |
| **AG-31** Autovía de Celanova | 2009 | 2013 | 2040 |
| **AG-55** Autovía Costa da Morte | 2011 | 2016 | 2038 |

O procedemento escollido para a construción destas autovías é moi costoso para a administración, que ten que pagar un canon ao longo de períodos moi longos, que chegan até o ano 2040 (VAC A52-Celanova).

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 11:23:27
Nº Rexistro: 61629
Data envio: 30/10/2023 11:23:27.731

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

| PROXECTOS | AG-56 Santiago-Brión - As Galanas(N-550)-Pardiñas (AG-56) | Vía rápida VRG-4.1 O Salnés | Vía Rápida do Barbanza. VRG-1.1 | A52 - Fronteira Portuguesa. VAC A-52 Celanova | Autovía Costa da Morte |
|---|---|---|---|---|---|
| IMPORTE DA INVERSIÓN DE ADXUDICACIÓN | 103.340 | 43.960 | 93.830 | 95.920 | 199.413 |
| | | | COMPROMISOS DE PAGO ANUAIS | | |
| ANO | Investimento | Investimento | Investimento | Investimento | Investimento |
| 2024 | 14.900 | 7.130 | 12.557 | 10.695 | 26.782 |
| 2025 | 15.543 | 7.456 | 13.183 | 10.918 | 27.452 |
| 2026 | 16.126 | 7.747 | 13.855 | 11.165 | 28.138 |
| 2027 | 16.777 | 8.045 | 14.551 | 11.409 | 28.842 |
| 2028 | 17.452 | 8.383 | 15.299 | 11.685 | 29.563 |
| 2029 | 18.206 | 8.683 | 16.072 | 11.892 | 30.302 |
| 2030 | 18.885 | 9.025 | 16.899 | 12.112 | 31.059 |
| 2031 | 19.643 | 9.375 | 17.756 | 12.331 | 31.836 |
| 2032 | 20.430 | 9.760 | 18.638 | 12.585 | 32.632 |
| 2033 | 21.313 | 10.110 | 19.584 | 6.707 | 33.448 |
| 2034 | 21.959 | 10.497 | 20.560 | 6.826 | 34.284 |
| 2035 | 15.987 | 7.708 | 21.600 | 6.941 | 35.141 |
| 2036 | | | 8.213 | 7.080 | 36.019 |
| 2037 | | | | 7.182 | 36.920 |
| 2038 | | | | 7.303 | 10.368 |
| 2039 | | | | 7.429 | |
| 2040 | | | | 2.256 | |

Nos orzamentos da Xunta para o ano 2024 está reservada a cantidade de 85 millóns de euros, a maior partida de investimentos da Consellaría de Infraestruturas, para atender o pagamento aprazado da construción e mantemento destas autovías.

Segundo a memoria contábel da Axencia Galega de Infraestruturas do 2023, este organismo ten comprometido o pagamento de 1.709 millóns de euros nos próximos anos derivados da construción de infraestruturas por "colaboración público privada", peaxes na sombra, bonificación de peaxes e outras actuacións. Desta cantidade, 1.233 millóns corresponden ao pagamento pola construción e conservación das autovías do Barbanza, O Salnés, Santiago-Brión, Celanova e Costa da Morte.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 11:23:27
Nº Rexistro: 61629
Data envio: 30/10/2023 11:23:27.731

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello de Contas fixo público recentemente un informe titulado "Informe sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas" no que cuestiona o sistema e conclúe que estas concesións están a resultar caras para a administración.

Ademais, este custo aumentou dado que, debido a que o tráfico era inferior ao previsto, renegociáronse (reequilibráronse) tres das cinco concesións e incrementáronse en 205 millóns de euros os pagamentos aos concesionarios. As concesións renegociadas foron as autovías do Salnés, Barbanza e Celanova.

Para o Consello de Contas, "a Xunta de Galicia podería non ter accedido a estas renegociacións para tratar de conseguir que a caída de ingresos derivada do menor tráfico fora asumida directamente polos concesionarios e polos bancos financiadores sen achegar, polo tanto, máis fondos públicos. Esta postura está en liña con sentencias do Tribunal Supremo que denegaron a concesionarios, en casos similares, o dereito a recibir máis ingresos pola diminución do tráfico".

Considera o Consello "a posibilidade de que esa falta de renegociación provocase que os concesionarios chegaran a crebar. Neste caso, a administración tería que rescatar as concesións e extinguir os contratos. Este escenario, viable dende o punto de vista orzamentario e xurídico, tamén era economicamente máis vantaxoso que a alternativa de reequilibrio pola que optou a administración galega. En resumo, consideramos que a construción e explotación de autovías mediante concesión por parte da Xunta de Galicia na modalidade de peaxe en sombra e canon de dispoñibilidade non foi eficiente xa que se poderían acadar resultados equivalentes a un menor custo".

Conclúe o Consello con unha recomendación: "que a Xunta de Galicia revise estes acordos polos que se incrementaban as tarifas pagadas aos concesionarios. O obxectivo debe ser, tal como estaba previsto na Lei que habilita os reequilibrios, limitar os pagamentos as cantidades indispensables para asegurar a viabilidade financeira dos



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 11:23:27
Nº Rexistro: 61629
Data envio: 30/10/2023 11:23:27.731

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contratos. Segundo a nosa análise, garantindo esa viabilidade financeira, existen posibilidades de reducir as tarifas abonadas pola administración e xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de, cando menos, 44 millóns de euros".

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai a Xunta sobre o sistema de colaboración público privada para a construción de infraestruturas?

Que compromisos de gasto ten a Xunta nesta materia?

Cales corresponden á Axencia Galega de Infraestruturas?

Como valora o goberno galego o "Informe sobre a eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas", no que cuestiona o sistema e conclúe que estas concesións están a resultar caras para a administración?

Vai tomar en consideración a Xunta a recomendación do Consello de Contas e, en consecuencia, revisar os acordos polos que se incrementaron as tarifas pagadas ás empresas concesionarias das autovías do Salnés, Barbanza e Celanova?

Comparte a Xunta a proposta de limitar o pagamento ás cantidades indispensábeis para asegurar a vilabilidade financeira dos contratos, de maneira que se xeren aforros de cando menos 44 millóns de euros?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

**Alexandra Fernández Gómez**



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
226793

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 11:23:27
Nº Rexistro: 61629
Data envio: 30/10/2023 11:23:27.731

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2023 11:20:00**

**Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2023 11:20:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2023 11:20:12**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 12:13:56
Nº Rexistro: 61633
Data envio: 30/10/2023 12:13:56.397

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Daniel Castro García** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a subvención concedida ao concello de Valga para o mantemento do servizo lingüístico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A orde do 6 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galiza para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PL400A) establece no seu artigo 4 as Modalidades de axuda, podendo unicamente solicitar unha única modalidade das que seguen:

a) Creación dun servizo lingüístico.

b) Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico.

c) Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico.

A resolución do 27 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galiza para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 6 de marzo de 2023, outorgou unha subvención de 7.321,44 euros ao Concello de Valga para o Mantemento do Servizo Lingüístico.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 12:13:56
Nº Rexistro: 61633
Data envio: 30/10/2023 12:13:56.397

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

A cal/es das modalidades de axuda presentou solicitude o Concello de Valga e en cal delas se encadra a subvención concedida?

Que actividades desenvolveu o concello de Valga ao abeiro da subvención concedida para Mantemento do Servizo Lingüístico?

Que cantidades xustificou o concello de Valga e cal foi a subvención que recibiu?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Daniel Castro García**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/10/2023 12:10:32**

**Daniel Castro García na data 30/10/2023 12:10:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2023 12:10:46**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 12:32:12
Nº Rexistro: 61636
Data envio: 30/10/2023 12:32:12.319

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas con diversas discapacidades abundan na nosa sociedade, de modo que cada vez somos máis conscientes de que debemos crear unha sociedade inclusiva. É un dereito para as persoas poder desenvolver unha vida de calidade. As políticas tenden moi lentamente a implantar medidas para derrubar barreiras, tanto físicas como de integración social, para que tódalas persoas poidan vivir na maior igualdade posible.

Así e todo a sociedade cambia lentamente e non sempre tódalas persoas consideradas "normais" teñen a sensibilidade suficiente para entender as distintas normativas que pretenden conducir á inclusión, outras veces son as normas as que non están atendendo as múltiples necesidades que estas persoas teñen.

Dentro de todo isto a etapa de escolarización é especialmente delicada e pode marcar de xeito definitivo o futuro da vida das persoas con diferentes necesidades. A etapa formativa coincidente coa preadolescencia e adolescencia é especialmente importante para todo o estudantado e, polo tanto, tamén para as persoas con necesidades especiais, ou quizá máis, así que require tanto do apoio normativo como da comunidade educativa para que poidan dotarse de coñecementos que os capaciten para o seu



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 12:32:12
Nº Rexistro: 61636
Data envio: 30/10/2023 12:32:12.319

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolvemento social e profesional na súa xuventude e posterior adultez, sendo solventes na súa independencia de ser posible.

A parte disto que é o normativo, debería ser un dereito tamén que o sistema escolar trate de xeito coidadoso ás nosas e nosos escolares, dándolles elementos de arroupe que os permitan ser cidadáns responsables e confiar na sociedade, cuestión que non sucederá se o que se aprende é a loitar a brazo partido contra a aridez no trato e a desconsideración normativa.

Dito isto pasamos a relatar o caso dunha familia de Vilalba que polas circunstancias do seu fillo, no ano 2022 decidiron optar por fraccionar un dos cursos do bacharelato en 2 anos escollendo para isto unha serie de materias no curso 22-23, ano escolar no que o seu fillo se desenvolveu de modo extremadamente solvente, aprobando con nota alta as materias escollidas.

O problema veu cando ao matricular ao rapaz no curso 23-24 non puideron seguir co programado e solicitado un ano antes, porque para este curso obrigábanos a escoller materias como obrigatorias cando antes eran optativas ou opcionais e que xa tiña cumprimentado en número de horas, incluso superando o número de horas optativas exixidas para o programa actual.

O que lle pasa a este rapaz, Xesús, desincentiva que persoas con diversidade funcional que levan sufrindo múltiples discriminacións poidan ter a enerxía suficiente para facerlle fronte á súa vida lectiva, e logo que sexan capaces de levar adiante unha vida normal no aspecto funcional.

Sería por tanto, fundamental, facilitarlle a estas persoas e ás súas familias unha vida escolar sen trabas que prepararan ás súas fillas e fillos para desenvolver unha vida



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 12:32:12
Nº Rexistro: 61636
Data envio: 30/10/2023 12:32:12.319

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

futura con independencia de seus pais e nais, sendo o sistema escolar fundamental nesta etapa das súas vidas.

A administración é a responsable de lexislar normativas favorecedoras, para este colectivo, e o que non pode nin debería facer en ningún caso a Administración en ausencia da mesmas usar a discrecionalidade para discriminar a un alumno con discapacidade e con necesidade de apoio educativo

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o goberno galego facilitar o acceso á formación das persoas con diversas capacidades adaptando as instalacións e os curriculums formativos dun xeito, o máis flexible posible, cumprindo a norma máis alá da normativa, atendendo ás necesidades reais do alumnado?

Vai o goberno galego, en ausencia de regulación normativa especifica, aplicar criterios discrecionais favorecedores para as persoas con diferentes capacidades e necesidades especificas de apoio educativo e de atención a diversidade, para a súa plena integración na sociedade, como sería necesario no caso referido?

Por que este alumno e a súa familia ten que enfrontar recorrentemente problemáticas que o resto de alumnado e as súas familias non enfronta cando ten o mesmo dereito á formación que o resto?

Por que este alumno ten que cursar máis materias e diferentes o resto dos compañeiros que nin tan se quer precisan de atención a diversidade, rachando deste xeito ademais o acordo subscrito pola propia Administración coa familia e non dando tampouco a opción de modificar o acordo, no que se refire a outras materias?



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 12:32:12
Nº Rexistro: 61636
Data envio: 30/10/2023 12:32:12.319

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai acaso algún alumno ou alumna na Galiza, que no presente curso e cursando a mesma modalidade de bacharelato se lle obrigue a cambiar unha materia optativa por outra de carácter obrigatorio (Historia da Filosofía)?

Por que dende o Servizo de Inspección Educativa da Xefatura Territorial e dende a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa non se ofrecen solucións adaptadas aos problemas que a propia normativa xera para que este rapaz poida educarse en igualdade?

Consideran vostedes que as diversas cuestións que trouxeron aos pais deste rapaz a este punto teñen que ver coa falta de conciencia inclusiva no seo da propia Administración Educativa ?

Pode ser que dende a Consellería de Educación non se promoveran suficientes normativas que amparen xuridicamente ás persoas con necesidades especiais derivadas da súa condición?

Van subsanar esta situación de calquera das maneiras legais posibles como emitir instrucións a respecto de equiparar a situación deste alumno, ou outros en situación similar, por analoxía con outras situacións que ao fin eviten o seu prexuízo e a súa situación de discriminación máis que evidente?

Prantexan mellorar as canles de diálogo coas nais e pais establecendo un sistema de resolución de conflitos ou mediación para resolvelos a través de intermediación?

Consideran que deberían ter unha posición de apoio ás familias con problemas que inactive os conflitos e favoreza a negociación para a solución de problemas?

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 12:32:12
Nº Rexistro: 61636
Data envio: 30/10/2023 12:32:12.319

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Cristina Fernández Davila**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2023 12:27:54**

**Cristina Fernández Davila na data 30/10/2023 12:27:59**

**María del Carmen Aira Díaz na data 30/10/2023 12:28:05**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 12:39:00
Nº Rexistro: 61640
Data envio: 30/10/2023 12:39:00.053

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Marina Ortega Otero**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Cales son as condicións que marca o proxecto e os prazos de execución da futura residencia de maiores financiada pola Fundación Amancio Ortega e que se situará na antiga estación de Ourense?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 30/10/2023 12:37:37**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 16:51:23
Nº Rexistro: 61644
Data envio: 30/10/2023 16:51:23.303

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación da Autoridade Galega Independente de Protección ao Informante.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento europeo e o Consello da UE consideran que son as persoas que traballan para unha organización, tanto pública como privada, ou que están en contacto con ela no contexto das súas actividades laborais son as primeiras en ter coñecemento das ameazas ou prexuízos que, para o interese público, xorden nese contexto. E por iso a comunicación desas informacións ás autoridades ten un singular valor para descubrir e previr a eventual comisión de infraccións e xa que logo protexer a legalidade e o benestar social.

Asemade as propias Institucións Europeas recoñecen que frecuentemente estes potenciais denunciantes renuncian a informar sobre as súas preocupacións ou sospeitas por temor a represalias, polo que cumpre adopción de medidas destinadas a prestar unha protección equilibrada e efectivas ás denunciantes/informantes.

Respondendo á realidade exposta o Parlamento Europeo e o Consello aprobaron a Directiva 2019/1937 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións ao Dereito da Unión na que entre outros aspectos se insta aos Estados membros tanto a adoptar medidas de apoio como as necesarias para garantir a protección das informantes.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 16:51:23
Nº Rexistro: 61644
Data envio: 30/10/2023 16:51:23.303

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A transposición ao dereito estatal da referida Directiva Comunitaria levouse a cabo por medio da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra la corrupción, autorizándose na referida Lei, como medida específica para o seguimento de denuncias e protección ao informante, a creación da Autoridade Independiente de Protección del Informante de ámbito estatal, e prevendo idéntica figura na esfera autonómica.

As funcións desta Entidade Pública referidas tanto ao sector público autonómico e local do seu respectivo territorio, así como as entidades privadas e sempre e cando o incumprimento comunicado se circunscriba ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma, sería a xestión da canle externa das comunicacións, as medidas de protección á informante e tramitación e resolución de procedementos sancionadores por represalias ou vulneración dos dereitos das informantes.

Recentes actuacións da Xunta de Galiza evidencian a urxente necesidade tanto de protexer ao informante/denunciante fronte as eventuais represalias que poda adoptar o infractor, como de contar cun órgano externo para perseguir as condutas dirixidas a impedir ou desincentivar as prácticas irregulares e facer de canle externa para a xestión e seguimento das informacións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta de Galiza que o temor a posibles represalias pode desincentivar á hora de informar sobre prácticas corruptas ou irregulares?

Entende, por tanto, necesario establecer canles de protección ao informante fronte a posíbeis intentos de represalias?

Actualmente que órgano administrativo ten atribuídas as competencias en materia de instrución e sanción das infraccións en materia de vulneración de dereitos e garantías da informante?



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 16:51:23
Nº Rexistro: 61644
Data envio: 30/10/2023 16:51:23.303

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantos procedementos se incoaron, de oficio e/ou por denuncia, nos últimos tres meses por infraccións en materia de vulneración de dereitos e garantías da informante?

Adscribiuse a Xunta de Galiza ou ten previsto facelo á Autoridade Independente de Protección ao Informante do Estado?

Considera que a constitución dunha Autoridade Galega dotaría de maior eficacia á institución encargada de velar pola protección do informante de prácticas irregulares ou corruptas?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/10/2023 16:50:08**

**Iria Carreira Pazos na data 30/10/2023 16:50:16**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2023 16:50:23**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 17:17:44
Nº Rexistro: 61658
Data envio: 30/10/2023 17:17:44.084

Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

As esperas para unha intervención cirúrxica, proba diagnóstica ou unha consulta con especialista hospitalario levan sendo, dende hai anos, unha das principais queixas da cidadanía galega respecto do seu sistema sanitario. Estas queixas fundamentadas no incremento continuado das esperas sitúan un grave problema que ten que ver coa demora tanto na diagnose como no tratamento ou intervención de ser o caso. Así, e a pesares do excelente nivel profesional existente, poden detectarse problemas de ineficiencias no sistema froito da imposibilidade de responder con total eficacia aos problemas xurdidos, dada a saturación crecente dun sistema que durante a última década veu recortada a súa capacidade asistencial.

Non en tanto o goberno de Galicia vén presumindo de maneira sistemática dunha listas de espera que, collendo datos oficiais, avanzan progresivamente na mellora continua. A pesares desta versión oficial, tanto profesionais como colectivos de pacientes, e a cidadanía en xeral, perciben que os datos formais existentes sobre listas de espera non se corresponden coas experiencias propias e próximas que amosan realidades moi distintas, e con maiores esperas das que o Goberno de Galicia pretende recoñecer.

O sistema de cómputo das listas de espera sanitarias en Galicia ten a responsabilidade da discrepancia profunda entre a versión oficial e a realidade existente e coñecida. O proceso polo que unha persoa espera por unha cita non é computado de maneira íntegra, senón que apenas é computado o tempo dende que é marcada unha data en axenda. Así, ante a situación

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

extremadamente habitual de estar en espera durante semanas (ou meses) por unha consulta, proba ou intervención cirúrxica, esta non contabiliza como tal se a cita non está explicitamente marcada. Isto tende a ser o habitual, xa que os usuarios en espera non teñen cita concreta senón que están á espera de chamada do propio Sergas para marcala. Este tempo antes de fixar horario concreto non é contabilizado, e así o cómputo das esperas non reflicte en ningún caso a realidade. Este sistema xa foi contestado por membros do Consello Consultivo de Galicia en diversos informes, e configura a existencia de dous tipos de listas de espera: a que agrupa a aquelas persoas que están a espera de chamada e a que conforman os que teñen cita concreta marcada. As segundas son as que se utilizan para os datos oficiais.

Avaliar correctamente supón un elemento imprescindible para a implantación, desenvolvemento e mellora das políticas públicas. Non en tanto as listas de espera sanitarias supoñen un autoengano permanente, xa que non son públicas as listas de espera non estruturais (que amosarían a realidade moito máis clara) e apenas é recoñecido por parte do goberno o sistema de cómputo que minora as demoras.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que a utilización de sistemas de cómputo alterados das listas de espera é unha boa práctica de avaliación do sistema público de saúde de Galicia?

2. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia cambiar o sistema de cómputo das listas de espera sanitarias para ter unha información máis real da situación?

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2023 17:17:44
Nº Rexistro: 61658
Data envio: 30/10/2023 17:17:44.084

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

3. Ten intención o goberno da Xunta de Galicia de facer públicas os datos das listas completas de esperas do sistema público de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 30/10/2023 17:15:57**

**Marina Ortega Otero na data 30/10/2023 17:16:05**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 11:11:56
Nº Rexistro: 61673
Data envio: 31/10/2023 11:11:56.198

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Gonzalo Caballero Miguez** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A suba continua dos tipos de interese por parte do BCE ata o 4.5 % implica un novo tempo na política monetaria europea como resposta aos procesos inflacionarios existentes na actualidade. A suba dos tipos de interese e a evolución económica implican unha menor demanda de financiamento en moitos sectores, ao que se suma que o sector bancario endurece os criterios de concesión de créditos á vez que as condicións dese crédito. Neste senso, entre xuño de 2022 e xuño de 2023, o volume do financiamento en vigor existente en Galicia caeu en 1071 millóns de euros, para quedar nos 41614 millóns de euros. Entendendo a política económica que busca desacelerar o crecemento dos prezos, cómpre tamén avaliar as condicións e dispoñibilidades de créditos para as familias e empresas galegas, particularmente no que atinxe á necesaria liquidez empresarial ou a novos investimentos empresariais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Como avalía o goberno da Xunta de Galicia a caída do volume do financiamento en vigor existente en Galicia para empresas e familias?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 11:11:56
Nº Rexistro: 61673
Data envio: 31/10/2023 11:11:56.198

Grupo Parlamentario Socialista

**Gonzalo Caballero Míguez na data 30/10/2023 18:43:02**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/10/2023 18:43:10**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 11:13:19
Nº Rexistro: 61679
Data envio: 31/10/2023 11:13:19.073

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Gonzalo Caballero Miguez** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A estrutura de gobernanza do Goberno da Xunta para o tecido produtivo galego é relevante porque afecta á eficacia e capacidade da política económica.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, presentou a nova Oficina Económica de Galicia, que estará adscrita ao Igape, salientando que “será a canle única para a empresa e a industria” no relativo ás funcións de asesoramento e apoio.

É de supoñer que esta nova estrutura de gobérnanma adoptada polo Goberno galego é creada para mellorar fallas existentes e conseguir un modelo máis acertado.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito:

Como espera mellorar o goberno da Xunta de Galicia a súa gobernanza económica coa nova Oficina Económica de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 11:13:19
Nº Rexistro: 61679
Data envio: 31/10/2023 11:13:19.073

Grupo Parlamentario Socialista

**Gonzalo Caballero Míguez na data 30/10/2023 18:39:21**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/10/2023 18:39:30**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 11:32:59
Nº Rexistro: 61684
Data envio: 31/10/2023 11:32:59.542

Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito.**

O IES Carril, anteriormente IES Miguel Ángel González Estévez, ten unha xornada continua a excepción dos martes, día no que parte a súa xornada para ter dúas horas de xornada lectiva polas tardes. Dende hai tempo a comunidade educativa ven estando claramente a favor de unificar todas as xornadas e instaurar un horario continuado todos os días. Existen numerosas razóns para facilitar este cambio, defendido dende un criterio educativo e tamén de conciliación, así como para evitar problemas de continuidade educativa debido á diferencia de capacidade en termos de calidade da xornada de tarde neste formato.

Ademais dos criterios pedagóxicos, as cuestións organizativas e operativas tamén son relevantes. A comunidade educativa comparte a necesidade de facer este cambio, e as cuestións internas están planificadas para poder facelo. Non en tanto existe un problema co transporte escolar. No caso do IES Carril o alumnado afronta diversos problemas. O contrato coa empresa concesionaria permite a esta (debido ás condicións que facilita a Xunta de Galicia) fusionar algunhas liñas, cuestión que así fixo e que deriva en que os/as rapaces/as fan a ruta por diversas parroquias do entorno rural a voltas para dedicar 40 minutos para un percorrido que non chega aos 3 quilómetros. Noutro dos casos o alumnado que asiste ao IES dende Catoira debe usar o autobús de liña regular que, ademais de facer que cheguen ao centro uns 30 minutos antes do horario de inicio das clases, tamén os devolve a Catoira 30 minutos despois de finalizar o horario lectivo.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

O transporte, como se pode comprender, supón un grave problema organizativo para a xornada partida, xa que provoca situacións como a dispoñibilidade de apenas 20 minutos entre chegada e saída de volta para algúns dos alumnos que, nesa franxa de tempo, deben ir dende a parada ata a casa, comer e volver. No caso dos alumnos/as de Catoira esta operativa é xa imposible.

Ante esta problemática, o goberno da Xunta de Galicia vén derivando o problema da Consellería de Educación á de Mobilidade, e viceversa, e terminar por despexar o problema cara a empresa concesionaria que está cumprindo o contrato que a propia Xunta de Galicia ofertou. Con todo, os alumnos/as do IES Carril e as súas familias seguen co mesmo problema e coa dificultade engadida de adaptarse a unha xornada partida que obriga a situacións de difícil xestión.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o goberno da Xunta de Galicia non intervén para modificar o contrato do transporte que impide a cambio á xornada continua no IES Carril?

2. É favorable o goberno da Xunta de Galicia a que o IES Carril dispoña de xornada continua todos os días da semana como solicita a comunidade educativa? Está disposto a facilitar ese traspaso?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 11:32:59
Nº Rexistro: 61684
Data envio: 31/10/2023 11:32:59.542

Grupo Parlamentario Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 31/10/2023 11:28:29**

**Noelia Otero Lago na data 31/10/2023 11:28:36**

**Noa Susana Díaz Varela na data 31/10/2023 11:28:44**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 11:34:21
Nº Rexistro: 61689
Data envio: 31/10/2023 11:34:21.792

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O 9 de decembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sacaba a concurso a redacción do proxecto de ampliación e adecuación de espazos educativos e docentes do IES Antón Alonso Ríos de Tomiño ao mesmo tempo que anunciaba a apertura inminente da fase de contratación. Na actualidade, entrados nun novo curso escolar e metidos xa no último trimestre de 2023, a pesar de que a Xunta de Galicia se comprometera primeiro a iniciar no anos 2022 as obras e rectificase logo asegurando que finalmente sería este 2023 cando se iniciase a construción do edificio anexo o certo é que nada hai dos compromisos anunciados.

A comunidade educativa e a veciñanza de Tomiño que leva anos agardando por esta actuación urxente non merece máis incumprimentos por parte do goberno da Xunta de Galicia. Ao fío disto, vimos de coñecer o proxecto de orzamentos deseñado polo goberno da Xunta onde a ausencia de partidas específicas suficientes para facer realidade este proxecto amosan un preocupante ausencia absoluta de vontade por cumprir cunha demanda urxente mesmo comprometida pola propia Consellería de Educación.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como xustifica os reiterados incumprimentos e atrasos arredor da execución da ampliación e obras de mellora no IES Alonso Ríos?

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 11:34:21
Nº Rexistro: 61689
Data envio: 31/10/2023 11:34:21.792



2. Cando van executar o proxecto comprometido?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 31/10/2023 11:31:05**

**Noa Susana Díaz Varela na data 31/10/2023 11:31:11**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 12:13:23
Nº Rexistro: 61694
Data envio: 31/10/2023 12:13:23.432

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila, Daniel Castro García** e **Mercedes Queixas Zas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de habilitar axudas para adquisición de libros de texto e material para familias con alumnado matriculado en cursos afectados polo Programa E-DIXGAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades nace no curso 2021/22 co obxectivo de incorporar as novas tecnoloxías ao sistema educativo e promover así o desenvolvemento da competencia dixital mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Para a incorporación dun Instituto de Ensino Secundario ao programa E-Dixgal non se esixe que o dito IES imparta a través deste modelo dixital a totalidade das materias (como si sucede para os centros de Educación Primaria), senón que só se establece un mínimo de 6 materias, permitíndose polo tanto un modelo mixto que emprega as novas tecnoloxías nalgunhas materias e o libro tradicional noutras.

Este novo modelo educativo ocasiona un problema ás familias con alumnado incluído neste Proxecto Dixital.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 12:13:23
Nº Rexistro: 61694
Data envio: 31/10/2023 12:13:23.432

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para que un centro de secundaria poida participar neste proceso de selección é necesario que todo o alumnado reciba un mínimo de seis materias en todos e cada un dos cursos de ESO a elección do centro en modalidade dixital. En moitos dos IES, as seis materias escollidas para implementar o Proxecto son materias que xa non empregaban libro de texto, e algunha delas de tan só 1 ou 2 horas lectivas á semana.

Polo tanto o alumnado precisa libros de texto para o resto das materias que soen ser Bioloxía e Xeoloxía, Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Francés, materias que ademáis teñen un maior número de horas lectivas á semana.

Sería de esperar que, pouco a pouco, os diferentes departamentos que rexeitaron o uso de E-Dixgal foran incorporándose tamén ao dito programa para ir reducindo as materias fóra do mesmo e polo tanto o número de libros de texto que deben mercar as familias, pero a realidade non é esa e o custe dos mesmos suben dos 200 euros en moitas ocasións.

Esta situación está ocasionando unha discriminación para estas familias en comparación co alumnado que non está incluído en E-Dixgal na etapa secundaria, xa que o Fondo Solidario de Libros de Texto exclúe explícitamente o Programa E-Dixgal para poder optar a esta axuda.

O Programa E-Dixgal ben implementado pode ser unha ferramenta positiva ao alcance de todo o alumnado, que pode axudar a promover a educación e a romper a fenda dixital existente en moitas familias. Polo tanto, dende a Consellería de Educación deben impulsar este Programa pero de xeito paralelo ao uso actual do Fondo Solidario de Libros de Texto para evitar unha discriminación económica entre o alumnado e as súas familias.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 12:13:23
Nº Rexistro: 61694
Data envio: 31/10/2023 12:13:23.432

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son os centros e o profesorado os que teñen a potestade da aplicación dos criterios pedagóxicos que definen a decisión de qué materias están incluídas en E-Dixgal e cales non. Pero esa decisión dalgunha maneira debera ter en conta a repercusión nas familias e no alumnado, sobre todo, para que non cause un desequilibrio na distribución equitativa dos recursos educativos. Para iso, este alumnado non pode estar excluído nas bases do Fondo Solidario de Libros de Texto, ainda que sexa para poder optar a unha parte proporcional dos necesarios, en igual medida que o resto do alumnado.

Polo tanto, esta exclusión é discriminatoria, e incumpre o principio dunha educación pública e gratuíta de calidade, fronte ás vantaxes do programa E-Dixgal, que contribúe a reducir a fenda dixital, e precisamente fala do aforro económico que debería supoñer para as familias. A exclusión total do fondo solidario de libros de texto aumenta a fenda económica nas familias con menos recursos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Consellaría de Educación modificar as bases da convocatoria de axudas de Fondo Solidario de Libros de Texto deste curso escolar que permita rectificar esta discriminación, para que as familias afectadas poidan solicitar no primeiro trimestre de 2024 unha axuda coa redución do número de libros concedidos proporcional ás materias non incluídas en E-Dixgal??

- Vai a Consellaría de Educación habilitar mecanismos para o curso 2024/25, para que as familias poidan ser beneficiarias dun sistema de gratuidade de libros de texto, redución do número dos mesmos ou outras opcións?



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 12:13:23
Nº Rexistro: 61694
Data envio: 31/10/2023 12:13:23.432

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 31/10/2023 12:08:57**

**Mercedes Queixas Zas na data 31/10/2023 12:09:03**

**Cristina Fernández Davila na data 31/10/2023 12:09:09**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 12:24:54
Nº Rexistro: 61702
Data envio: 31/10/2023 12:24:54.479

Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Gonzalo Caballero Miguez** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A sociedade do coñecemento, as novas tecnoloxías e o avance da intelixencia artificial implican un novo tempo nas relacións laborais e na produción industrial.

Un estudio da universidade de Oxford en relación ao ano 2017 alerta de que máis dun terzo dos empregos hoxe existentes en Galicia, fundamentalmente nos sectores pesqueiro, agrícola e forestal, están en risco de automatización debido ás posibilidades que poden ofrecer as novas tecnoloxías e a intelixencia artificial. Na mesma liña, un informe da OCDE apunta que o 28 % dos postos de traballo en España corresponde a ocupacións con alto risco de automatización.

Neste contexto, no que algunhas ocupacións camiñan cara a extinción ou transformación, xorden tamén novas oportunidades laborais relacionadas coas novas tecnoloxías e os seus usos e despregamento. A formación, por tanto, preséntase como un factor clave de cara ao futuro, tanto no eido do mercado laboral como de cara á modernización do tecido produtivo de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 12:24:54
Nº Rexistro: 61702
Data envio: 31/10/2023 12:24:54.479



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que planificación estratéxica ten o Goberno galego para abordar o impacto da intelixencia artificial na economía galega tanto no que atinxe á transformación da empregabilidade e da estrutura de postos de traballo pola automatización como nas posibilidades que ofrece de cara á modernización do noso tecido produtivo?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 31/10/2023 12:22:52**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/10/2023 12:23:02**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 17:23:16
Nº Rexistro: 61717
Data envio: 31/10/2023 17:23:16.331

Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Son moitas as ocasións e iniciativas impulsadas desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia arredor da preocupante radiografía da mocidade galega en canto ás dificultades que padece á hora de se independizar ou en materia de emprego. Esta incapacidade para gozar dunha vida independente, de acceder a unha vivenda ten consecuencias sociais e económicas e afecta directamente ademais ás esperanzas de atallar a fonda crise demográfica que padece a nosa comunidade.

Este mes de outubro, vimos de coñecer novos datos que afondan sobre a necesidade de políticas máis efectivas para atallar a precariedade que sofre a mocidade galega. Datos que se desprenden dun estudo de UGT sobre o mercado laboral para as mozas e mozos na Eurorrexión.

Entre as principais conclusións, reflicte que o Norte de Portugal avantaxa a nosa comunidade en materia económica e emprego xuvenil. Máis ocupación entre os 16 e 30 anos, con mellores condicións salariais e laborais e mellores perspectivas a futuro. A temporalidade no emprego xuvenil é moi superior aquí, alcanzando un 60 %, fronte ao 39 % do Norte de Portugal e son certamente preocupantes cifras como as da perda de poboación xuvenil ocupada entre 2010 e 2021 que se situaría nos 69.600 ocupados fronte aos 48.600 que perdeu o Norte de Portugal nese mesmo período.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste escenario, o informe expón varias propostas de actuación para lograr mellora nas condicións laborais da xuventude galega como elevar salarios, a creación dunha oficina transfronteiriza de información sobre mobilidade, unha de acompañamento ás e aos emprendedores, máis axudas directas a empresas e persoas traballadoras mozas, un maior investimento en I+D+i ou un mellor aproveitamento dos fondos Next Generation para atraer e formar en sectores ligados a transición enerxética.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai dos datos deste estudo que amosan as desigualdades que padece a mocidade galega no ámbito laboral en relación á situación da xuventude no país veciño?
2. Considera que desde o goberno da Xunta de Galicia se teñen desenvolvido nesta lexislatura todos os mecanismos posibles con investimento dabondo para mellorar a situación laboral e económica da mocidade galega?
3. Vai desenvolver algún plan específico para mellorar a situación laboral da mocidade galega?
4. Porque se negan a desenvolver un plan de emancipación específico?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 17:23:16
Nº Rexistro: 61717
Data envio: 31/10/2023 17:23:16.331

Grupo Parlamentario Socialista

**Noelia Otero Lago na data 31/10/2023 17:21:03**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta  na data 31/10/2023 17:21:10**

**Julio Torrado Quintela  na data 31/10/2023 17:21:20**

**Marina Ortega Otero  na data 31/10/2023 17:21:29**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 18:02:42
Nº Rexistro: 61722
Data envio: 31/10/2023 18:02:42.940

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á programación e reprogramación das obras de reforma do centro de menores Monteledo e da Carballeira, en Ourense, e ás actuacións que leva impulsado o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de novembro de 2021 (30-11-2021) a Xunta de Galiza iniciaba unha serie de actuacións para levar a cabo, ao abeiro do financiamento do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia unha serie de obras para a reforma e mellora enerxética dos fogares Arnoia e Limia no Centro de Menores Monteledo do Complexo de Montealegre, en Ourense.

Este primeiro intento, polo procedemento aberto simplificado e anticipado de gasto por un valor de 719.921,11 con IVE como orzamento base de licitación, foi resolto como deserto con data 02-02-2022. Posteriormente, a Consellaría de Política social iniciou un novo procedemento, con data 23-05-2022, polo valor de 921.540,25 con IVE como orzamento base de licitación. Con data 03-06-2022 é a propia consellaría quen determina, despois de que o órgano de contratación recibira diversas consultas, anular/desestimar o procedemento, desistindo "á celebración do expediente de contratación que se referencia" xustificándoo "á vista da normativa e dos antecedentes expostos se estima necesario valorar detidamente a posibilidade de poder requirir unha



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 18:02:42
Nº Rexistro: 61722
Data envio: 31/10/2023 18:02:42.940

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

clasificación mais reducida para asegurar a acreditación das solvencias e a maior concorrencia posible na presente contratación."

Posteriormente, con data 18-07-2022, o goberno galego impulsou un novo procedemento. De entre as diferentes ofertas, a mesa fixo unha proposta con data 19/09/2022 que finalmente foi adxudicada con data 17-10-2022 á UTE CONTRUCCIONES OREGA, SL - AYCAR PROYECTOS E INSTALACIONES, SL por un importe de 853.530,58 € e prazo de execución de seis meses. O contrato foi formalizado con data 15-11-2022.

O 4 de outubro de 2023 o Presidente da Xunta mantiña un encontro institucional co alcalde de Ourense e na nota informativa emitida polo goberno galego indicábase que "*A Xunta vai destinar case 900.000 euros á reforma e mellora enerxética do centro de menores de Monteledo. No entanto, Rueda advertiu que o inicio da obra está suspendido ata que o concello emita a licenza correspondente*." Os medios de comunicación locais recollían aclaracións do alcalde respecto das e dos funcionarios do Concello que cualificaba, desta vez, de "*tiquismiquis*" aínda que na nota informativa oficial do municipio non se recollía referencia algunha á vontade de desatascar esta cuestión.

Máis recentemente, o 25 de outubro de 2023, o delegado territorial da Xunta afirmaba publicamente que seguían pendentes dun "atraso na licenza urbanística" que, teoricamente, ían axilizar o Presidente da Xunta e o alcalde de Ourense.

Para o Bloque Nacionalista Galego o cumprimento por parte do goberno galego das súas competencias en protección das e dos menores e de política social debe ser unha prioridade política e institucional, máis alá dos enfrontamentos partidistas que de forma constante están a manter Xunta e Concello de Ourense desde as pasadas eleccións municipais. Se cuestións como a renuncia por responsabilidade de ambas



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 18:02:42
Nº Rexistro: 61722
Data envio: 31/10/2023 18:02:42.940

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administracións a avanzar en cuestións como novos equipamentos administrativos ou de eficiencia enerxética son preocupantes e son negativos para a sociedade, neste caso estamos a falar da atención a un dos ámbitos máis vulnerables da nosa sociedade: as e os menores baixo protección da Xunta.

Estamos a falar dunhas obras necesarias, que a Xunta de Galiza xa debeu atender hai anos e que agora poden financiarse cos fondos extraordinarios. Non se pode consentir que primeiro a falta de eficiencia da Xunta e o seu empeño en orzar á baixa demoraran a adxudicación destas obras e que despois a falta de diálogo e negociación entre ambas administracións poidan traer novas demoras. Máis aínda nun contexto no que a inflación pode seguir medrando e supoñer un obstáculo para a realización da obra se demora o seu inicio no tempo.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego considera que non pode permitirse que unha cuestión deste tipo sexa consecuencia da falta de diálogo e de dilixencia tanto do goberno galego como do goberno municipal de Ourense. É preciso buscar unha solución e impulsar unha saída impulsando iniciativas en positivo desde o ámbito galego e local.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que está a facer o goberno galego para desbloquear a demora na execución das obras de mellora do centro de Monteledo e que responsabilidades asume na súa tardía adxudicación?

. Considera o goberno galego que ten algunha

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



226829

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 18:02:42
Nº Rexistro: 61722
Data envio: 31/10/2023 18:02:42.940

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son as razóns detalladas de que o goberno galego tomase a decisión de anular el mesmo o segundo procedemento iniciado? Que responsabilidades asume ao respecto?

. En que data solicitou o goberno galego a licenza urbanística que afirma publicamente non ter recibido do concello de Ourense?

. Que permisos e/ou licencias, de que tipo e en que data ten solicitado ao goberno galego sen recibir resposta?

. Hai algún no que houbese resposta e non fose favorable? De que tipo, en que data e que vai facer ao respecto?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/10/2023 17:57:13**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 18:02:42
Nº Rexistro: 61722
Data envio: 31/10/2023 18:02:42.940

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2023 17:57:17**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2023 17:57:24**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 18:03:12
Nº Rexistro: 61727
Data envio: 31/10/2023 18:03:12.565

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Os datos amosan que hai en Galicia en relación ó segundo trimestre de 2023, 14.200 ocupados máis, o que supón unha suba do 1,3 %.

Aínda así, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,6 %, fronte ó 59,4 % do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 17.600 persoas, o que supón o 13,1 %. E, en relación ó trimestre anterior, o paro tamén diminuíu, un 2,1 %, en 2.500 persoas, quedando a taxa de paro en Galicia, con 117.200 persoas desempregadas, no 9,3 %.

Por outra banda, as mulleres seguen a soportar unha taxa de 1,8 puntos máis que os homes. No caso dos homes esta taxa é do 8,4 % e do 10,2 % no caso das mulleres.

Entre as persoas menores de 25 anos esta sube ata o 25 %.

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 17,6 %. Isto amosa en que se está a dar un aumento, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 4,3 %, e unha caída dos temporais, dun 0,1 %.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 13,9 %, sendo o 47,6 % da mesma de carácter involuntario.

Tamén temos que mencionar a difícil situación para moitos fogares e 40.700 persoas paradas de longa duración. Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias. Hai en Galicia un total de 49.300 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 28.800 fogares que non perciben ingresos.

Das 117.200 persoas que están no desemprego, 40.700 levan máis dun ano nesta situación. Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ninguén quede atrás neste país.

Entende o Grupo Parlamentario Socialista que as políticas activas en materia de emprego non están a dar os resultados esperados e nesta iniciativa pomos o foco nos talleres duais de emprego, sendo preciso elaborar unha diagnose dos resultados de inserción que obtiveron unha vez rematados e así analizar, se fose preciso, os cambios ou reformulación que necesitan os programas referidos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración realiza o Goberno galego respecto que a nosa Comunidade Autónoma teña unha taxa de actividade de tan só o 53,6 %, fronte ó 59,4 % do resto do Estado?
2. Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para aumentar a taxa de actividade e alcanzar o nivel do Estado?

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Que valoración realiza de que das 117.200 persoas que están no desemprego, 40.700 levan máis dun ano nesta situación?
4. E de que as mulleres seguen a soportar unha taxa de desemprego de 1,8 puntos mais que os homes?
5. Que valoración realiza de que entre os menores de 25 anos esta sube ata o 25 %?
6. Que actuacións novidosas prevén realizar no ano 2024 para estes colectivos?
7. Que resultados de inserción laboral obtiveron os talleres duais de emprego/obradoiros desenvoltos en 2022-2023 por cada taller concedido?
8. Que resultados de inserción laboral obtiveron os talleres duais de emprego/obradoiros desenvoltos en 2021-2022 por cada un dos talleres concedidos pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/10/2023 17:54:44**

**Julio Torrado Quintela na data 31/10/2023 17:54:52**

**Marina Ortega Otero na data 31/10/2023 17:55:00**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 18:04:45
Nº Rexistro: 61732
Data envio: 31/10/2023 18:04:45.347

Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez** e **Eduardo Ojea Arias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

As obras comprometidas por parte do Goberno galego para mitigar o risco de inundacións dos ríos Miñor e Zamáns no municipio de Gondomar levan meses de retraso.

As fortes e continuas choivas rexistradas nestas últimas semanas provocaron numerosas incidencias que afectaron a todo o municipio, con camiños anegados, desprendementos de muros e noiros, vehículos atrapados ou problemas no subministro eléctrico.

Como en anteriores ocasións, hai que lamentar numerosos danos nas infraestruturas municipais e decenas de vehículos afectados, pola crecida dos ríos Miñor e Zamáns.

Dende o Goberno local aseguran que as medidas para mitigar as inundacións reclamadas ao organismo Augas de Galicia, non chegan.

As demandas de limpeza dos ríos, coa retirada de árbores e outros obstáculos que frean a saída da auga, a retirada de sedimentos ou a tan agardada obra para mitigar as inundacións, son moitas das alternativas propostas polo Goberno municipal de Gondomar ao organismo autonómico.

O Concello de Gondomar non está declarado por parte da Xunta de Galicia zona de emerxencia, algo que facilitaría moito a tramitación de axudas económicas á veciñanza para facer fronte aos danos sufridos en vivendas e vehículos de forma reiterada polas inundacións, tampouco o Goberno galego

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

habilita liñas directa de axudas como fixo a Deputación de Pontevedra a principios do ano 2023.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitámoslle á Xunta de Galicia que coa máxima urxencia dean comezo as obras prometidas do proxecto de "Mellora da drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns en Gondomar". Obras que foron adxudicadas fai un ano e que aínda non deron comezo, a pesar das reiteracións feitas dende o Concello de Gondomar para comezar canto antes, habendo posto o Goberno municipal os terreos e parcelas privadas á súa disposición para levar a cabo as actuacións previstas.

Debemos lembrar que foron varias as xuntanzas mantidas entre o Concello de Gondomar, o organismo de Augas de Galicia e a Xunta para priorizar as devanditas actuacións, participando activamente dende o ente local na elaboración do plan de seguridade e tráfico, ante a negativa da Xunta a realizar a construción do viaduto da Avenida de Curros Enríquez en dúas fases e evitar así o corte total ao tráfico desa importante vía de comunicación.

Augas de Galicia ten que asumir a súas competencias de limpeza e mantemento dos cursos fluviais do Concello de Gondomar. É inadmisible, que a Xunta de Galicia, lonxe de liberar espazos inundables e mellorar os mesmos para evitar este tipo de cuestións, algo que é da súa plena competencia, se dedique a construír aparcadoiros de case 4000 metros cadrados na ribeira de Vilariño, unha obra que será un prexuízo maior para o risco de inundacións.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia comezar as obras do proxecto de "Mellora da drenaxe na confluencia dos ríos Miñor e Zamáns en Gondomar", licitadas dende hai un ano?

2. Cal é o motivo de que as obras para a mellora da drenaxe da confluencia dos ríos Miñor e Zamáns en Gondomar aínda non comezaran por parte da Xunta de Galicia?

3. Mentres estas obras non sexan unha realidade, que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para evitar as inundacións no municipio de Gondomar?

Santiago de Compostela, 31 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 31/10/2023 18:01:02**

**Patricia Otero Rodríguez na data 31/10/2023 18:01:10**

**Eduardo Ojea Arias na data 31/10/2023 18:01:20**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 18:27:35
Nº Rexistro: 61738
Data envio: 31/10/2023 18:27:35.550

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Máis de 56.000 persoas en Galicia teñen que prescindir dos medicamentos que teñen prescritos polos seus médicos debido a razóns de índole económica segundo o Barómetro que publica o Ministerio de Sanidade.

Este dato súmase a outros publicados polo Instituto Nacional de Estatística e que reflicten que a metade das familias galegas chega con dificultades a fin de mes ou que aumenta a porcentaxe de quen está tendo que reducir o seu consumo en alimentación por mor do incremento dos prezos.

Máis que nunca neste contexto inflacionario, o goberno da Xunta de Galicia debe tomar medidas que garantan que a cidadanía galega poida acceder aos fármacos que lle foran receitados, toda vez que son de grande importancia para a calidade da súa saúde e para o seu benestar. Para iso, o goberno galego ten que axudar a fortalecer o poder adquisitivo das familias, a loitar contra o risco de exclusión e a garantir que todas as persoas de Galicia teñan acceso aos medicamentos que precisan.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que medidas económicas vai tomar o goberno da Xunta de Galicia para garantir que a poboación galega non deixe de acceder aos fármacos receitados polo Sergas por falla de recursos?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 31/10/2023 18:25:32**

**Julio Torrado Quintela na data 31/10/2023 18:25:41**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/10/2023 18:25:49**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 10:08:02
Nº Rexistro: 61742
Data envio: 02/11/2023 10:08:02.873

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Diego Lourenzo Moura, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á perda de produción de castaña na campaña de 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grave e progresivo envellecemento do territorio rural de Galiza e o despoboamento e abandono progresivo e desmedido da actividade agrogandeira fan que os problemas estruturais e de xestión do noso territorio se agraven e presente un grande reto para o futuro da sociedade galega en xeral.

Unha das moitas resposta a este reto está en devolverlle o protagonismo a un actor esencial no pasado e presente do noso pobo: a castaña e o castiñeiro.

Galiza, é o territorio do estado con maior produción e exportación de castaña. No conxunto de Galiza hai preto de 50000 hectáreas de castiñeiros e soutos que producen uns 20 millóns de quilos, segundo datos da Xunta. A presenza é maior nas zonas de interior e da montaña de Ourense e Lugo. Dentro do conxunto do estado español, Ourense é o territorio con maior porcentaxe de produción dos castaños e máis do 50% do conxunto do estado ten o seu orixe na provincia de Ourense. Comarcas como as de Verín, Couso-Frieiras, Valdeorras ou Concellos como Vilardevós, Riós, A Gudiña, A Mezquita, A Rúa ou Vilariño de Conso son algúns do exemplos de enormes hectáreas de castiñeiros e importantes producións de castaña.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 10:08:02
Nº Rexistro: 61742
Data envio: 02/11/2023 10:08:02.873

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cambio climático, cada vez máis acelerado e máis adverso ten enormes efectos no desenvolvemento do castaño e a produción de castaña, así como as últimas pragas (Dryocosmus Kuriphilus) e novas enfermidades causadas por fungos (Gnoniopsis Smithogiluyi) fan que as colleitas deste ano diminúan de xeito importante.

Neste sentido, a produción anual de castaña é moi variable debido á dependencia das condicións meteorolóxicas do ano e afectando en grande parte, cada vez maior, por enfermidades que van mermando a saúde dos castiñeiros así como, por pragas que diminúen considerablemente a produción.

A campaña en curso evidencia unha importante caída (de máis do 70% en varias zonas do País, como é o Concello da Mezquita) por mor do cambio climático (altas temperaturas en períodos non habituais que supoñen unha caída do froito antes de tempo) e das enfermidades vinculadas ao castaño e nomeadas con anterioridade.

Esta caída da produción ten enormes danos económicos que repercuten empeorando a supervivencia no medio rural, afectando a todo o sector, dende o produtor até a empresa transformadora.

Esta emerxencia climática sumada ás enfermidades teñen consecuencias negativas nun cultivo tradicional e autóctono como é o castaño de froito e poñen en perigo a renda de produtores como postos de traballo xerados en empresas do sector.

Ante esta situación a administración non pode quedar parada e son precisos artellar mecanismos de diagnóstico para saber o que está acontecemento, así como poñer en marcha asesoramento e axudas económicas ao sector.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



226841

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 10:08:02
Nº Rexistro: 61742
Data envio: 02/11/2023 10:08:02.873

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na Mesa da Castaña celebrada recentemente no mes de outubro de 2023, o Goberno Galego anunciaba que se mantería atento a como se desenvolverían as colleitas deste ano e as súas repercusión e estaría tamén en constante contacto co sector.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o Goberno Galego da importancia do cultivo e procesado da castaña que xoga na recuperación e dinamismo económico e fixación de poboación no rural?

- Como valora o Goberno Galego a colleita deste ano?

- Ten cuantificado a Consellería do Medio Rural as perdas na produción de castaña deste ano?

- Por mor da situación excepcional na que se atopan produtores, transformadores e comercializadores de castaña, ten pensado a Xunta de Galicia sacar algunha liña específica de axudas para paliar as enormes perdas sufridas nesta campaña?

- Vai o Goberno Galego realizar un estudo para determinar as causas e estudar en profundidade os problemas que se están dando na produción de castaña nos últimos tempos?

- A Consellería do Medio Rural vai poñer en marcha asesoramento específico a produtores co fin de establecer novos coidados e orientacións na liña de mitigar os efectos das enfermidades?

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 10:08:02
Nº Rexistro: 61742
Data envio: 02/11/2023 10:08:02.873

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

Asdo.: **Diego Lourenzo Moura**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/11/2023 10:04:03**

**Noa Presas Bergantiños  na data 02/11/2023 10:04:06**

**Diego Lourenzo Moura na data 02/11/2023 10:04:17**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 11:13:15
Nº Rexistro: 61754
Data envio: 02/11/2023 11:13:15.216

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O goberno da Xunta de Galicia, sendo presidente Alberto Núñez Feijóo, decidiu construír o hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo a través dunha fórmula de financiamento público-privado (PFI) pola cal o Sergas queda obrigado a abonar anualmente un canon millonario durante 20 anos, ata o 2035, así como a ceder ás empresas concesionarias a parte non sanitaria do hospital e a súa explotación.

Esta decisión produciuse logo de paralizar o proxecto do executivo galego liderado por Emilio Pérez Touriño de construción e financiamento do hospital a través da Sociedade Pública de Inversións. O cambio de modelo non só supuxo sobrecustes millonarios para as arcas da Xunta, senón tamén a redución do proxecto arquitectónico nun 40 %, pasando de 1.265 a 845 camas hospitalarias, así como a diminución das camas de UCI e os quirófanos.

No contrato subscrito polo Sergas coa concesionaria do hospital fixábase unha contía anual establecida no momento da firma no entorno dos 67 millóns de euros, se ben se estipulaba que esta cifra sería revisada conforme ao IPC. A escalada inflacionaria que estamos vivindo podería supoñer un sobrecuste de 20 millóns de euros, toda vez que na actualidade as anualidades xa roldan os 80 millóns de euros e a previsión é que vaian seguir á alza.

Neste contexto, logo de que en 2020 o 40 % do hospital pasara a mans dun fondo de investimento de orixe francesa por mor da decisión de Acciona de

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desprenderse desa concesión, o desembolso por parte das arcas públicas galegas a esa sociedade será moi superior ao previsto inicialmente.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Con que previsións traballa o Goberno galego sobre a evolución do canon anual que terá que pagar á concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro durante os próximos anos?
2. Que cálculos fai o Goberno galego do sobrecuste que implica esta fórmula de financiamento para a Administración pública galega?
3. Cal é a estimación que fai o Goberno galego do custe dun posible rescate da concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro?

Santiago de Compostela, 30 de outubro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 31/10/2023 18:19:32**

**Julio Torrado Quintela na data 31/10/2023 18:19:40**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/10/2023 18:19:48**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 13:10:07
Nº Rexistro: 61761
Data envio: 02/11/2023 13:10:07.711

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Pablo Arangüena Fernández**, **Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

As obras de ampliación do CHUAC, unha vella demanda da comarca coruñesa e dun hospital de referencia para 37 concellos e máis de medio millón de persoas, acumulan lustros de retraso. Despois de que a Xunta anunciase un investimento de máis de 400 millóns en 2020, e de que soubésemos que a maior parte dese investimento figura nos proxectos a financiar con cargo a fondos Next Generation segundo a relación de proxectos facilitada pola Xunta, o concello vén de denunciar un novo retraso na execución da obra prometida.

Este retraso ten reflexo nos propios orzamentos da Xunta de Galicia aprobados en 2022, que para o ano 2023 establecían investir 68 millóns, e 87 no ano 2024, pero no ano 2023 non houbo investimento e nos novos orzamentos prevé investir 41 millóns no ano 2024, fronte aos 87 anteriormente previstos.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. É consciente o Goberno de Galicia de que o actual retraso da ampliación do CHUAC engádese a un retraso de lustros e á escaseza de persoal nun hospital de referencia para gran parte de Galicia?

2. Vai o Goberno de Galicia corrixir ese retraso?

3. Ten previsto o Goberno de Galicia financiar a obra de ampliación do CHUAC con cargo a fondos Next Generation?

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 13:10:07
Nº Rexistro: 61761
Data envio: 02/11/2023 13:10:07.711

Grupo Parlamentario Socialista

Parlamento de Galicia, 2 de novembro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 02/11/2023 12:28:05**

**Julio Torrado Quintela na data 02/11/2023 12:28:21**

**Marina Ortega Otero na data 02/11/2023 12:28:32**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
226847
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 13:10:42
Nº Rexistro: 61765
Data envio: 02/11/2023 13:10:42.383

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incremento do cadro de persoal no xulgado de primeira instancia e instrución de Xinzo de Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No partido xudicial de Xinzo de Limia que abrangue os concellos de Baltar, Os Blancos, Porqueira, Sarreaus, Calvos de Randín, Trasmiras, Sandiás, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia e que serve a unha poboación censada de case 19.000 habitantes, sendo a poboación de feito moito superior á censada; existe un único xulgado mixto. O órgano xudicial existente consta dunha sección civil, da que depende o rexistro civil, e unha sección penal que, xunto coa instrución ordinaria dos procedementos e a resolución das causas por delitos leves, ten atribuídas as competencias en materia de violencia sobre a muller, estando permanentemente en funcións de garda.

O cadro de persoal do xulgado de Xinzo de Limia, dos máis baixos en unidades deste tipo, integrado por dúas traballadoras do corpo de xestión procesual, dúas do de tramitación procesual e dúas de auxilio xudicial, provoca que, aínda que o número de entrada de asuntos estea dentro do módulo aprobado polo Consello Xeral do Poder Xudicial -próximo ao límite máximo na sección civil- o número de asuntos pendentes está a experimentar un constante incremento. Así segundo os últimos datos publicados polo CXPX, correspondente ao segundo trimestre do ano 2023, a sección civil do



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 13:10:42
Nº Rexistro: 61765
Data envio: 02/11/2023 13:10:42.383

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xulgado de Xinzo de Limia tiña en tramitación 531 procedementos, un 25% máis que ao remate do 2019.

O déficit no cadro de persoal e o incremento do número de asuntos pendentes fixo que se acordara dotar ao xulgado con persoal de reforzo, en concreto cunha traballadora do corpo de tramitación procesual, polo prazo dun ano.

Porén, dende hai máis dun ano, o posto de letrada/o da Administración de Xustiza permanece vacante sen que se procedera ao nomeamento de persoal interino en tanto non se procede á cobertura definitiva do posto, estando atendido o xulgado polos letrados dos dous xulgados mixtos de Verín que compaxinando a levanza da unidade na que están destinadas, alternativamente, se desprazan dous días por semana ao Xulgado de Xinzo para atender o posto de letrado/a da administración de xustiza vacante.

A insuficiencia no cadro de persoal e a falla de cobertura do posto de LAX vacante non só afecta a cualidade do servizo que se presta á cidadanía e á unha demora na resposta xudicial, se non que tamén está a implicar un risco para a saúde das traballadoras destinadas neste órgano xudicial.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta de Galiza que o cadro de persoal do Xulgado mixto de Xinzo de Limia é abondo para atender a carga de traballo ordinaria do Xulgado?

Por que razón o número ordinario de traballadoras do corpo de tramitación procesual é inferior ao normal das unidades xudiciais?



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 13:10:42
Nº Rexistro: 61765
Data envio: 02/11/2023 13:10:42.383

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A atención permanente do servizo de garda do único xulgado no partido xudicial, en que medida afecta ás necesidades de persoal da unidade xudicial?

Cal é a razón do constante incremento do número de asuntos pendentes que experimenta o Xulgado de Xinzo de Limia, nomeadamente na sección civil?

Dende cando leva vacante o posto de LAX do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Xinzo de Limia?

Entende a Xunta de Galiza que o posto de LAX do Xulgado de Xinzo pode desempeñarse a tempo parcial dous días a semana sen que se resinta o normal funcionamento do xulgado e sen detrimento na cualidade da prestación do servizo?

Considera a Xunta de Galiza que compatible que un mesmo LAX poda atender dous xulgados de primeira instancia e instrución ao mesmo tempo?

Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza para que se proceda á cobertura do posto vacante, así como para reducir o número de asuntos pendentes do Xulgado de Xinzo, así como axilizar a tramitación dos procedementos que se seguen no mesmo?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 13:10:42
Nº Rexistro: 61765
Data envio: 02/11/2023 13:10:42.383

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2023 13:07:39**

**Iria Carreira Pazos na data 02/11/2023 13:07:43**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/11/2023 13:07:57**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 13:59:42
Nº Rexistro: 61770
Data envio: 02/11/2023 13:59:42.211

Grupo Parlamentario Socialista

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Na recta final deste 2023 aínda nada se sabe da posta en marcha da nova pantalla xigante na que se teñen investido milleiros de euros. A compra da mesma iniciada no 2022 trouxo aparellada unha importante reforma do estudio que debía aloxala. Aínda que logo reduciuse, o orzamento previsto inicialmente entre a pantalla e a súa tecnoloxía auxiliar e estas obras superaba o millón de euros. Tres empresas presentaron as súas ofertas sendo finalmente Servizos Integrais Unitecnics, pertencente ao Grupo Mediapro a que se fixo co contrato que daba un prazo de catro meses e medio desde principios de decembro para a entrega do equipamento e a planificación, instalación, posta en marcha, configuración e formación. Todo tería que quedar listo a mediados de marzo.

Pero en novembro de 2023 as numerosas dificultades, deficiencias fan que nada saibamos sobre a posta en funcionamento desta custosa pantalla.

Uns atrasos que non só manteñen sen uso este investimento de centos de miles de euros, senón que tamén inutilizan por completo o Estudio 300.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando vai a estar operativo o estudo 300 e esta nova pantalla?
2. Que valoración fai a CRTVG dos atrasos da súa posta en marcha?
3. Están satisfeitos co proceso de compra, contrato e obras?
4. Que explicacións hai tras estes atrasos?

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

5. Considera a CRTVG o investimento axeitado e oportuno á vista da situación?
6. Van ser necesarias máis obras?

Santiago de Compostela, 2 de novembro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 02/11/2023 13:58:33**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 02/11/2023 13:58:42**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 61773
Data envio: 02/11/2023 16:00:58.914

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García, Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación actual de Alcoa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son xa moitos os meses nos que os traballadores e traballadoras da factoría de Alcoa, así como os das súas auxiliares, viron e ven como os incumprimentos reiterados por parte da empresa norteamericana non están a ter ningún tipo de resposta por parte das administracións, ben sexa a Xunta de Galiza ou Goberno do Estado.

Un exemplo é o feito de que a empresa xa fala de levar a cabo paradas na fundición, algo que incumpre de xeito obxectivo os acordos que foron aprobados.

A isto temos que sumarlle as sucesivas declaracións dos máximos dirixentes da multinacional que falan dun futuro moi negro para a continuidade da factoría en San Cibrao. Para isto esgrímense argumentos que teñen a ver coa ausencia de clientela, algo que ten que ver directamente coa responsabilidade da propia empresa e non cos traballadores e traballadoras que asinaron un acordo que debe e ten que ser cumprido.

Por esta razón o labor das administracións colle neste contexto máis importancia se cabe, xa que son as que deben garantir o mantemento dos postos de traballo e o futuro da factoría.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 61773
Data envio: 02/11/2023 16:00:58.914

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da actual situación da factoría de Alcoa en San Cibrao?

- Vai a Xunta de Galiza realizar algún tipo de acción ante as declaracións dos máximos dirixentes de Alcoa que falan dun futuro negativo para a continuidade da factoría?

- Cal é a perspectiva de traballo que ten a Xunta de Galiza no que ten a ver con Alcoa nos próximos meses?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**
**Daniel Pérez López**
**Ramón Fernández Alfonzo**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 02/11/2023 15:58:36**

**Daniel Pérez López na data 02/11/2023 15:58:40**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 61773
Data envio: 02/11/2023 16:00:58.914

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García na data 02/11/2023 15:58:50**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:09:26
Nº Rexistro: 61794
Data envio: 02/11/2023 17:09:26.804

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións a desenvolver pola Consellaría de Mar para mellorar a produtividade da Ría de Muros e Noia, regular os desaugues dos encoros e paliar as repercusións económicas do peche da campaña marisqueira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada campaña marisqueira na ría de Muros e Noia veuse afectada por unha sucesión de circunstancias -toxina, choivas intensas durante semanas, riadas, baixa salinidade da auga, etc.- que supuxeron o retraso da súa apertura primeiro e o anticipo do seu peche despois, pola elevada mortaldade do marisco e o mal estado dos recursos.

A perda de preto do 80% do marisco das concesións do pósito de Noia, que conta con arredor de 1.500 profesionais, xa mermaba as expectativas e facía prever as dificultades da seguinte campaña.

E así foi, a actual campaña veu retrasado de novo o seu comezo polo escaso tamaño do bivalvo que non acada a talla mínima legal para ser comercializado. Posposta dende mediados de setembro, comezou o 16 de outubro e, por primeira vez dende que hai rexistros, pechou 8 días hábiles despois, o 26 de outubro, malia a abundancia de cría que corría o risco de verse danada se continuaba a actividade.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:09:26
Nº Rexistro: 61794
Data envio: 02/11/2023 17:09:26.804

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A importante cantidade de recrutamento existente, aínda sendo a esperanza de poder retomar o marisqueo o ano que vén, está suxeita tamén a distintos factores para conseguir prosperar. Un dos que causa maior preocupación entre os traballadores e traballadoras do mar, e que non é desbotábel polas abundantes choivas caídas durante todo o mes de outubro e o que vai de novembro, é que se repita o episodio de mortaldade debido ao aporte abundante de auga doce que provoque baixa salinidade da auga.

Neste sentido, a propia Confraría de Noia ten solicitado á Consellería de Mar unha reunión entre a empresa, alcaldes e alcaldesas da zona e o sector, para tratar de que o desaugue dos encoros sexa regulado, tendo en conta a ría e os bancos marisqueiros.

A maiores, tamén se especula coa posibilidade de que o pequeno tamaño do marisco se deba a outras causas como a alta temperatura da auga rexistrada este verán e a ausencia de ventos do nordés que terían impedido o afloramento do fitoplancto que beneficia a alimentación do bivalvo. Mais a este respecto, non existen estudos que o confirmen.

Neste momento, pois, hai un cese da actividade marisqueira por causa de forza maior que permite que, en canto estea decretado, as e os afectados poidan solicitar as prestación do ISM. Por outra banda, o conselleiro de Mar, expuxo en Noia, o pasado día 24 de outubro, a disposición da Consellaría a financiar unha parada temporal da acividade con fondos FEMPA que, de momento, aínda non pode ser.

As prestacións do ISM están en función das cotizacións de cada traballador ou traballadora e esixen doce meses nos últimos dous anos, moito máis que para outras actividades. As axudas do FEMPA teñen aínda que agardar a estar aprobadas, no caso



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
226858

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:09:26
Nº Rexistro: 61794
Data envio: 02/11/2023 17:09:26.804

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das mariscadoras a pé, e esixen tamén unha serie de requisitos non doados de cumprir por todos e todas as mariscadoras a frote.

En todo caso, o conselleiro "apostou por tomar as medidas que sexan necesarias co fin de recuperar a produtividade", despois de recoñecer que a situación do marisqueo nas rías galegas lle preocupa.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego dos peches anticipados da campaña marisqueira da ría de Muros e Noia no pasado inverno e na actualidade?

. Que actuacións vai levar a cabo para tratar de paliar as repercusións económicas no sector do mar de Muros e Noia? Cales foron as que desenvolveu a raíz do peche anticipado da campaña anterior?

. Ten estudado que efectos producen na ría a temperatura da auga, a existencia de especies depredadoras, o furtivismo, a falta de saneamento dos concellos que verten á vacía do Tambre, o elevado aporte de auga doce ou o baleirado dos encoros? Si é así, que medidas ten tomado a cabo ao respecto?

. Considera que a petición da Confraría de Noia sobre a regulación do desaugamento dos encoros é viábel? Que actuacións vai levar a cabo para que se efectivice?

. Está en disposición de tratar de negociar co ISM a flexibilización dos requisitos esixidos para que a totalidade dos mariscadores e mariscadoras en cese de actividade poidan verse beneficiadas polas prestacións desa Administración?



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:09:26
Nº Rexistro: 61794
Data envio: 02/11/2023 17:09:26.804

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que posibilidades ten a Xunta de Galiza de poñer en marcha unha liña de axudas propia para paliar as consecuencias económicas que se están a derivar da situación actual de inactividade na ría de Muros e Noia?

. Vai levar a cabo unha convocatoria de axudas que, no curto prazo, poidan mitigar os efectos da situación de inactividade dos traballadores e traballadoras do mar na ría de Muros e Noia?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carmela González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 02/11/2023 17:06:05**

**Carmela González Iglesias na data 02/11/2023 17:06:08**

**Rosana Pérez Fernández na data 02/11/2023 17:06:15**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:40:31
Nº Rexistro: 61803
Data envio: 02/11/2023 17:40:31.570

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a saber canto orzamento público recibe o Hospital privado POVISA e o uso que se fai do mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O hospital Povisa é o maior hospital privado de Galiza, co que o Sergas mantén un concerto singular en función do cal realiza a prestación dos servizos de asistencia hospitalaria a arredor de 130.000 @s veciñ@s dos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueles outros que a administración determine do concello de Vigo, no que traballan sobre 1.400 profesionais.

O último concerto foi asinado no 2014 por un período de 8 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha, polo tanto está a punto de rematar o mesmo toda vez que xa está no último ano de prórroga.

Povisa é un saco sen fondo onde o PP destina cada ano máis e máis cartos sen ningunha transparencia, até o punto de que non figura unha partida concreta nos orzamentos da Xunta para o vindeiro ano 2024.

Non é posíbel coñecer cantos cartos públicos destina cada ano o Sergas a este hospital privado en Vigo. Ademais dos arredor de 80 millóns de euros anuais polo acordo para atender a preto de 130 mil doentes da área sanitaria, o Sergas foi



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:40:31
Nº Rexistro: 61803
Data envio: 02/11/2023 17:40:31.570

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negociando modificacións e acordos non contemplados no concerto asinado en 2014: Povisa benefíciase das condicións económicas para a compra de fármacos e materias que consiga o Sergas coas empresas, convertendo o Sergas nun "comercial" de Povisa. O Sergas asume o pago da medicación ambulatoria e a de alto impacto, as próteses e implantes ou a formación dos MIR, sen que saibamos o custe destas cuestións.

A maiores o Sergas transfira recursos adicionais a Povisa para que rebaixe as listas de espera da sanidade pública, cando mantén avultadas as propias do centro privado, froito de derivar a este hospital privado probas complementarias d@s doentes de cribado de colon do Álvaro Cunqueiro, ou pola atención nas unidades de queimados ou maxilofacial, ao ser o hospital de referencia, ao non dotar o Sergas ao hospital público destas especialidades

Esta riada de cartos públicos que a Xunta destina a Povisa non está significando nin maior calidade asistencial, con peores ratios de profesionais por paciente que na pública, nin tampouco mellores condicións laborais ou salariais para as 1.400 traballadoras e traballadores do seu cadro de persoal

O Hospital Povisa vive dun xeito clarísimo dos cartos públicos, arredor do 80% da súa cifra de negocio está vinculada aos ingresos do Sergas. O PP actúa para capitalizar máis a máis á empresa, para que as sucesivas vendas do centro sexan cada vez máis lucrativas, para as multinacionais que se adican a facer negocio coa saúde.

O concerto singular que mantén o Sergas con Povisa é unha auténtica anomalía, que impón un modelo de dúas velocidades con peor atención sanitaria en Povisa que na pública. É preciso poñer fin a esta situación coa absorción do hospital por parte do Sergas e así garantir a igualdade de condicións na prestación sanitaria para todas as persoas da área sanitaria de Vigo.



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:40:31
Nº Rexistro: 61803
Data envio: 02/11/2023 17:40:31.570

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso poñer fin a esta situación que non ten ningunha xustificación, que non sexa o lucro das empresas, é tremendamente gravosa para as arcas públicas e non ten aportado ningunha vantaxe para a atención sanitaria da poboación.

Xa é hora de que a Xunta actúe como Goberno do país e deixe de actuar como comercial dos grandes grupos e das multinacionais, e por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é o orzamento total que o Sergas destina ao hospital privado POVISA?

Parécelle normal que un concerto singular de arredor de 80 millóns de euros non apareza diferenciado nos orzamentos da Xunta?

Cal é a razón desta opacidade e falta de transparencia?

Está negociando o Sergas un novo concerto con POVISA, toda vez que o actual está no último ano de prórroga?

Que pode xustificar que un Goberno cun mínimo de preocupación polo país que goberna permita o mercadeo coa atención sanitaria de 130.000 persoas e 1.400 traballador@s e a encubra?

Vai realizar actuacións para integralo na sanidade pública?

Cal é a razón para non ter rematado coa anomalía de ter a case a metade da poboación recibindo asistencia sanitaria nun centro privado, con problemas constantes?

Considera o Goberno galego que as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios se están a cumprir nos centros cos



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:40:31
Nº Rexistro: 61803
Data envio: 02/11/2023 17:40:31.570

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que ten concertos?

Coida o Goberno galego que @s doentes que teñen asignado o hospital Ribera-Povisa para a atención hospitalaria están sendo atendid@s con rateos de calidade e de profesionais equiparables como mínimo á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde?

Que accións ten realizado a Xunta para actuar como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita a Povisa así como dos dereitos laborais do persoal deste centro hospitalario?

Que seguimento realiza a Xunta do cumprimento das condicións establecidas no concerto con Povisa?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Carmela González Iglesias**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 17:40:31
Nº Rexistro: 61803
Data envio: 02/11/2023 17:40:31.570

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 02/11/2023 17:36:58**

**Carmela González Iglesias na data 02/11/2023 17:37:10**

**Alexandra Fernández Gómez  na data 02/11/2023 17:37:18**

**María Montserrat Prado Cores  na data 02/11/2023 17:37:25**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 18:16:35
Nº Rexistro: 61817
Data envio: 02/11/2023 18:16:35.117

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 18:16:35
Nº Rexistro: 61817
Data envio: 02/11/2023 18:16:35.117

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o goberno galego da evolución da violencia machista e as súas consecuencias en Galiza?

. Que valoración fai do seu desenvolvemento do marco legal?

. Que impacto considera que están a ter os discursos negacionistas e banalizadores da dereita e da extrema dereita?



CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2023 18:16:35
Nº Rexistro: 61817
Data envio: 02/11/2023 18:16:35.117

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o goberno galego suficiente o avance nos recursos contra a violencia sexual?

. E no estudo cuantitativo e cualitativo da violencia e do patriarcado?

. Como considera que impacta a crise de prezos nas vítimas de violencia machista e nas posibilidades de saíren adiante?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2023 18:12:50**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2023 18:12:54**

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



226868

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 10:04:34
Nº Rexistro: 61665
Data envio: 31/10/2023 10:04:34.729
Data 31/10/2023 10:04

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 60371,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir que as familias máis afectadas pola inflación teñan acceso a unha axeitada cesta de consumo"(**publicada no BOPG número 575 do 5 de outubro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido**:**

**"**Para facer fronte ao escenario actual de subidas de prezos e IPC que afecta ás persoas mais vulnerables, neste ano 2023 destinamos máis fondos que nunca a axudar ás persoas que máis o necesitan. Así, os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan un 25% con respecto a 2022 ata acadar os preto de 150 millóns de euros.

Un incremento que permite reforzar o paquete de medidas do que dispón a Xunta para apoiar ás familias galegas máis vulnerables, axustando as contías destas achegas ao contexto inflacionista do conxunto do Estado:

- O complemento autonómico do Bono Social Térmico, subiu neste 2023 un 50%, e incrementou o número de beneficiarios ata as 75.000 familias.

Tamén teñen un aumento dun 8%:

- A Risga, que cobran cada mes preto de 6.000 persoas para saír desta situación;
- e as Axudas de Inclusión Social (AIS), que permiten atender a situacións de emerxencia e que o pasado ano chegaron a 3.000 persoas. Ademais este ano contamos cun 25% de orzamento mais para financialas, ata acadar os 5M€.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por outro lado, o Goberno galego é consciente de que moitos galegos precisan dun complemento nas súas pensións. Por iso, somos das poucas comunidades que mantivemos de xeito ininterrompido durante os últimos anos o complemento ás pensións non contributivas, unha prestación voluntaria que as comunidades impulsan con este fin.

Deste xeito, o Goberno galego destina este ano 2023 unha partida de 8 millóns de euros o que supón un incremento do 6% con respecto ao ano 2022.

Ademais de procurar recursos económicos directamente ás persoas en situación de pobreza, continúan reforzándose as liñas de colaboración coas entidades de iniciativa social, ás que destinaremos 16,6M€ en 2023 a través das liñas de axudas para entidades e das axudas con cargo o cadro social do IRPF.

Tamén seguimos traballando da man dos concellos, aos que destinaremos este ano 18,2M€ a través da liña específica de axudas e das achegas do Plan concertado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 10:04:34
Nº Rexistro: 61665
Data envio: 31/10/2023 10:04:34.729

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2023 10:04:34**

**CSV:** BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 10:04:27
Nº Rexistro: 61664
Data envio: 31/10/2023 10:04:27.417
Data 31/10/2023 10:04

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 60615,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados do mesmo grupo, sobre **" as peticións do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade da Coruña en relación coa dotación de persoal, co benestar das persoas residentes e as previsións da Xunta no referido aos ingresos neste tipo de centros de persoas con patoloxías psiquiátricas"(**publicada no BOPG número 575 do 5 de outubro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido**:**

**"**O Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de A Coruña ten un total de 85 prazas de usuarios autorizadas, ademais de 15 prazas no centro de día.

Tendo en conta o número de usuarios do mesmo e o seu grao de discapacidade, así como o número de efectivos de atención directa cos que conta o centro, ademais do persoal de servizos xerais; podemos concluír que as ratios de persoal de atención directa do CAPD de A Coruña están por riba do dobre da ratio mínima esixida pola normativa.

Por outro lado, no que se refire aos ingresos de persoas con patoloxías psiquiátricas, cómpre evitar estigmatizar ou discriminar ás persoas con algún problema de saúde mental. A Xunta avoga pola atención, a concienciación e a sensibilización.

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A normativa vixente contempla o ingreso de persoas con patoloxías psiquiátricas nunha residencia, que se realiza compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

• De feito, o novo modelo de residencias de Galicia inclúe a creación de unidades psicoxeriátricas especializadas para o seu maior coidado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2023 10:04:27
Nº Rexistro: 61664
Data envio: 31/10/2023 10:04:27.417

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2023 10:04:27**

**CSV:** BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA


## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

### 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS


CSV: BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

**CSV:** BOPGDSPG-NEbJI0Jn0-3
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/